

Pallares

Revista do C.P.I. Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano V - N° 5



Papel branqueado sen cloro

Maio. 2005

RECOÑECIMENTOS: AOS QUE DEIXAN PEGADA... ...A DON ÁNGEL

No actual curso tivemos a mala fortuna de ter que celebrar a xubilación do noso inspector, de don Ángel, e queremos facerlle a nosa especial homenaxe dende esta publicación anual. Ao igual ca el sempre nos tivo presentes, nós queremos facerlle saber que tamén o temos sempre canda nós.

Pode parecer que a inspección se exerce dende a distancia pero a nosa experiencia é a contraria, o noso inspector sempre confiou en nós e deixounos traballar animándonos e dende sempre colaborando cos nosos proxectos e aprobando as nosas iniciativas...ás veces ben atrevidas e arriscadas.

Un Centro funciona, crece, crea...se hai moitas persoas que cren no seu proxecto educativo. O noso Centro funciona, crece, crea...gracias ao labor dos profesionais e das persoas que o conforman e lle dan vida (as familias, o alumnado, o persoal...), e tamén gracias a persoas coma el que saben ver onde hai traballo, implicación, gañas de facer...Sentímonos sempre escocitados, criticados positivamente, axudados dende as súas posibilidades, en fin, sentímolo como membro de todas as nosas tarefas.

Poderíamos facer un listado da súa vida profesional, porque a coñecemos ben, pero esta non é a nosa intención. Nós só queremos lembralo e facerlle chegar, que saiba que o seu labor valeu para moito. Coñecedores de que ás veces o traballo dende a inspección ou delegación...ou simplemente dun despacho, non é sempre recoñecido ou máis ben todo o contrario, criticado e afastado da realidade e da práctica. O que se pretende dende aquí é recoñecer o seu labor, valorar a súa carreira profesional e facerlle saber que, no noso centro, deixou amigos que sempre saberán abrillle as portas da que segue a ser unha das súas escolas rurais.

Desexándolle que sexa moi feliz e que goce do seu ben merecido tempo de repouso, enviámoslle o noso recoñecemento profesional e persoal.

Unha aperta con moito sentimento.

Pallares

Revista do C.P.I. Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano V - Nº 5

SAÚDO

Querido lector:

De novo este 2005 temos nas mans o resumo do presente curso que chamamos *Pallares*.

Buscamos a chegarche, como membro da comunidade educativa do C.P.I. Tino Grandío, unha visión o máis completa posible do que somos como centro escolar. Nela está o noso traballo diario, desde educación infantil ata o remate da E.S.O.; desde as ciencias naturais, sociais á plástica, inglés ou matemáticas. Achégase a nós a cultura sobre o noso contorno máis próximo, pero tamén *Pallares* pretende abrinxos unha ventá ao mundo, polo que hai colaboracións de persoas implicadas e próximas ao noso centro que teñen moito que aportarnos.

Esperamos que che guste o que vas ler e, en todo caso, recordarche que o próximo número da revista comeza a elaborarse en canto remates de ler este e decidás aportar algo teu para o próximo número.

Ata entón.

CONSELLO DE REDACCIÓN

Arias Castro, Ana
Dorado Fdez., Pascuala
García Crecente, Teresa

COLABORAN

Alumnado do CPI Tino Grandío e o de 6º do CEIP de Lousada

Asorey Daviña, Mª Teresa
Díaz Sóñara, Pilar
Dorado Fdez., Pascuala
Fernández López, Rosario
García Álvarez, Dorotea
Piñeiro Torres, Ángel
Quiroga Fdez., Mª Pilar
Rey López, Clara
Ricart Vázquez, Ángeles
Seijas Quiñoá, Celia
Torrijos Vicente, Carolina
Varela Abelairas, Mª Carmen
Vázquez García, Carlos
Vázquez Rodríguez, Mª Purificación
Vázquez Somoza, Xosé Luís
Veiga Vila, Amparo
Vilabrille Fernández, Eva
Vilela Cobreiro, Olvido
Yáñez Lage, Manuel

FOTOGRAFÍA

Arias Castro, Ana
García Crecente, Teresa
Torrijos Vicente, Carolina
Vázquez García, Carlos
Veiga Vila, Amparo

DEBUXOS

Rey López, Marta
Rodríguez, Carolina
Rodríguez Regueiro, Silvia

COORDINACIÓN

Arias Castro, Ana
García Crecente, Teresa

ÍNDICE

- 02-O noso centro
- 03-Obradoiro de tecido
- 04-Macedonia tropical
- 05-Xogamos con plastilina
- 06-Reciclamos papel
- 07-Xogos populares
- 09-Día da Paz
- 11-Carballeira de Lousada
- 12-Enquisa do comedor
- 14-Recomendacións culturais
- 17-Lorenzo Varela
- 18-Poesía-Entre Nós
- 20-Zolle
- 22-Apuntámonos
- 23-Folleto sobre Guntín
- 24-Isabel a Católica
- 25-A poboación de Guntín
- 26-Proxecto bioambiental
- 29-O Quixote
- 31-Qué facer cando acabe?
- 32-Como mellorar inglés
- 33-Para educar a un neno
- 34-Pensa 1 pouco
- 35-Constitución europea
- 36-A Unión Europea
- 37-O quentamento global
- 40-A condesa Fronilde
- 41-A banda municipal
- 42-Os vermes de seda
- 44-As plantas medicinais
- 48-O tsunami
- 49-As epífitas

ISSN: 1579-2773
D.L. LU-18-2002

O NOSO CENTRO

Todos cara a mesma fin.

No CPI Tino Grandío trabállase dende moitas frontes, colaborando todos na procura dun mundo mellor. Estamos a falar do noso Concello, da Deputación Provincial, do persoal non docente, do docente, dos pais e nais e, como non, do noso alumnado que cada día é, e así o demostra, un pouquiño mellor.

Todo centro educativo ten vida propia, acaba constituíndose nunha *familia* onde, co tempo, todos se atopan no seu seo como membros activos que aúnan esforzos para o seu crecemento. De xeito que, amodiño, ousamos saír ao exterior para contribuír e, tamén, para pedir axuda.

Desde esta, a nosa revista, queremos dar a coñecer algunas notas de cor que fan do noso colexió un lugar do que nos sentimos moi orgullosos.

Para empezar recordaremos as dúas **Seccións Europeas** en inglés na área de ciencias sociais en terceiro e cuarto da ESO. Estamos en Europa, somos europeos, e queremos unha formación o máis completa posible noutras linguas sen esquecer as nosas.

Para contribuír ao coidado do medio e ao respecto por el formamos parte do **Proxecto Voz Natura**. Implicados co noso contorno e querendo contribuír a unha vida máis verde, máis ecolóxica e, en definitiva, máis sa.

A educación no ocio e tempo libre tamén forma parte das nosas inquedanzas e por iso, a través das actividades organizadas pola **Deputación Provincial** e coa sempre presente colaboración do Concello, participamos en actividades tales como xadrez, patinaxe, talleres, informática, fútbol, baloncesto...

Outra das nosas grandes inquedanzas é educar bos lectores/as. A nosa **biblioteca** intenta colaborar no fomento de hábitos lectores e facilitar o acceso á información. Aberta a toda a comunidade

educativa e cunha organización que posibilita o seu aproveitamento en horario escolar.



Como imos pouco a pouco tamén pensamos en actividades que pidan motivar ao alumno á vez que o forman. É por iso que temos entre mans, como algo ben innovador, un **Proxecto de formación Vial** para o vendeliro curso escolar. Estaría dirixido ao alumnado de cuarto da ESO e trataría de formar na parte teórica do futuro carné de conducir.



O OBRADOIRO DE TECIDO

Alumnos de Educ. Infantil

Os alumnos de Educación infantil somos todos uns artistas do tecido e podemos con calquera obra coa que nos propoñamos. Neste artigo ímosvos amosar unha das nosas últimas obras.

os nenos e nenas de infantil fixemos un taller de tecido

Se queredes imitarnos ímosvos explicar como facer:

1. Prepara de todo o material (cartolina, la e tesouras).
2. Con axuda dunha plantilla no noso caso fixemos un círculo.
3. Coas tesouras fomos facendo pequenos cortes (duns 2 cm.) cara ao interior do círculo. Recordade que o número de cortes ten que ser impar.
4. Coa axuda da profesora fomos pasando o fío unha vez por riba de cada tiriña, unha vez por baixo... e así ata que demos unhas cantas voltas a todo o círculo.
5. Cando quede ben tecido, hai que asegurar os remates do fío, pero nós, antes fixemos un pequeno enganche co mesmo fío para que se puidese colgar.
6. Para que quedase máis bonito puxemos cada un a nosa foto no centro do platiño.
7. Se non quedades convencidos mirade as fotos e entenderedes o orgullosos que estamos do noso traballo.



MACEDONIA TROPICAL

Alumnos de 1º de Educ. Primaria

Os nenos e nenas de primeiro curso de Educación Primaria fixemos unha macedonia de froitas tropicais na clase.

Ingredientes:

- Mango
- Papaia
- Plátano
- Melón
- Piña
- Kaki
- Péxego
- Chirimoia
- 3 laranjas
- Azucré



Maneira de facela:

Primeiro pelamos as froitas, cortámolas en anaquiños pequenos e poñémolos nun recipiente de cristal.

Logo engadímoslle o zumo de tres laranjas, azucré ao gusto e... xa está!

Hoxe macedonia tropical
de chuparse os dedos!
e... despois de moito pensar
decidimos non invitar:
Así os de primeiro
comeremos a fartar,
Os demás coa receita
tédesvos que conformar;

...
E pensándoo mellor
deixarémosvos probar



XOGAMOS CON PLASTILINA

Alumnos de 2º de Educ. Primaria

Os alumnos de 2º somos uns grandes afeccionados á plastilina e por iso cando nos puxemos a pensar en facer alguma actividade especial para esta revista tivemos moi claro que tiñamos que ensinarvos aquello no que somos os máis expertos de todo o colexio.

Desde principios de curso levamos practicando coa plastilina no noso tempo libre dentro da aula. Facemos e desfacemos figuras tantas veces que xa levamos gastada moita plastilina. Mirade que a nosa profesora tivo que colocarnos unhas mesas para que poidamos xogar sen estorbar nin manchar as mesas nas que habitualmente traballamos.

Agora temos unha exposición permanente coas nosas obras de arte.



Facemos moitas figuras moi diferentes, cada un segundo os seus gustos. Nas fotos podedes ver como temos unha



exposición moi completa: unha horta con xente traballando e regos con todo tipo de



plantiñas, un parque de maquinaria agrícola cun tractor e todo tipo de aperos, un tren coa



súa estación, unha casiña con todo o mobiliario... ¡Aque somos grandes artistas!



RECICLAMOS PAPEL

Alumnos de 3º de Educ. Primaria

Aos nenos de terceiro, unha vez que soubemos da gran cantidad de papel que usamos e desperdiciamos a cotío, pareceunos conveniente aprender a reciclar papel xa usado. O proceso é sinxelo.

Cómpre ter:

- Xornais e papeis vellos
- Unha tina ou un recipiente grande
- Unha peneira de tea metálica fina
- Cola de empapelar
- Baetas de cociña
- Lixivia e colorantes
- Unha batedora

Forma de facelo:

1. Cortar o papel en tiras e poñelo a remollo na tina.
2. Bater o papel con auga coa batedora ata obter unha pasta, botarlle lixivia ou colorante e algo de cola para darlle consistencia.



3. Estender na peneira unha capa desta pasta para que vaia escorrendo.



4. Colocar sobre a peneira coa pasta unha baeta de cociña e con coidado ir presionando coa palma da man.



5. Darlle a volta con moito coidado e con pequenos golpiños sobre a tea metálica ata que a pasta se desprenda.
6. Cubrir a pasta con outra baeta e poñerlle moito peso por riba (libros...). Deixar unhas 24 horas.
7. Levantar a baeta superior e a outra coa pasta e poñela a secar.
8. Cando a pasta xa estea bastante seca haina que planchar entre dúas follas de xornal e o papel quedará listo para usar.



XOGOS POPULARES

Alumnos de 4º de Educ. Primaria

En 4º estivemos investigando cales eran os xogos populares que coñeciamos os nosos familiares e mais nós. Para poder ver se eran realmente interesantes e divertidos tivemos varias clases prácticas nas que comprobamos o ben que se pode pasar cos xogos más sínxelos e tradicionais.

Os xogos populares son aqueles nos que a súa práctica e coñecemento está moi estendido, xorden da cultura popular e transmítense de xeración en xeración.

A transmisión oral destes xogos fai que corran o risco de desaparecer e con eles moitos elementos da cultura popular, auténtica memoria viva da historia dos galegos. A continuación os xogos populares que recollemos os alumnos de 4º de Primaria recorrendo aos nosos maiores:

BRILÉ: Fanse dous equipos, cada equipo está nun campo. Entre os dous campos hai unha liña de tiro. Un dos equipos comeza a xogar, acercándose o xogador ou xogadora que ten a pelota á liña de tiro. Se lle dá a alguén do equipo contrario, este pasa a apandar e vai para o campo dos brilados. Desde alí pode pasarlle a pelota a un dos seus compañeiros ou brilar a alguén do equipo contrario. O equipo que brile antes aos contrarios gaña.



COMBA: Neste xogo pódese xogar individualmente, pero normalmente hai dúas persoas que suxeitan a corda polos extremos e comezan a dar. Os demás saltan a ritmo. Mientras se xoga pódense cantar cancións coma "Ao pasar a barca" (*Ao pasar a barca, díxome o barqueiro, as nenas bonitas non pagan diñeiro, eu non son bonita, nin o quero ser, arriba a barca, unha, dúas e tres*)



MARIOLA: Poden xogar cantos queiran. É necesario xiz ou un pao para marcar as casiñas do terreo así coma unha pedra. Bótase a pedra na casiña número un. Sáltase á pata coxa de casiña en casiña conduciendo a pedra co pé, ou sen conducir a pedra e sen pisar as raias. Nalgúnsas casiñas hai que apoiar os dous pés. Ao rematar o percorrido volverase á casiña do principio.

PASE-MISÍ: Dous principiantes cóllense polas mans e manteñen os brazos en alto, formando unha ponte. Os demás fan unha fila e van pasando por debaixo dos brazos, mentres se canta esta canción: *Pase misí, pase misá, pola porta de Alcalá, os de adiante corren moito, e o de atrás se quedará. Quen será, quen será, o de adiante ou o de atrás.* Ao rematar a canción, a persoa que quede entre os brazos dos que pandan elixirá unha froita de entre dúas que se lle ofrecen (por exemplo, laranxa ou mazá). Segundo escolla unha ou outra, poñerase detrás dun ou doutro xogador dos que forman a ponte.





PELEXA DE GALOS: É un xogo para dous principiantes. Ambos os dous están tesos pero apoiados nun só pé e cos brazos cruzados sobre o peito. O xogo consiste en saltar cara ao adversario empurrándoo con forza para intentar facerlle perder o equilibrio.

A VARRER COA VASOIRA: Necesítase unha vasoira e música. Os xogadores forman un círculo amplo mirando cara ao interior. Cada un deles pon a man detrás, nas costas. Pásanse os uns aos outros a vasoira ao son da música. O xogador que quede coa vasoira na man no momento no que cese sae do círculo. O derradeiro que quede é o gañador.

AS TABAS: Son cinco ósos e unha pelotiña saltarina. Poden xogar de dous a catro nenos. Tíranse as tabas ao chan e con cada bote da pelota colócanse nas diferentes posiciones. Ao final hai que collellas todas xuntas nunha man. Gaña o xogador que remate antes.



PITA CEGA: Un neno cos ollos vendados ten que buscar aos outros nenos. A pita dá voltas e ten que coller a un e adiviñar quen é. Se o consegue cámbianse os papeis e, se non, terá que repetir outra vez.



OS CHINOS: Un dos xogadores esconde nas súas costas un obxecto nunha man. Logo amosa ao seu adversario as dúas mans pechadas e este ten que adiviñar en que man se atopa. Se acerta, gaña.

O ESCONDITE: Un neno panda e os demás escóndense. O que está apandando ten que contar ata unha cifra cos ollos pechados; cando remata de contar ten que saír buscalos. Mientras busca se algúm chega á panda antes que o descubran queda libre, e o último pode librar aos compañeiros.



A CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ O 30 DE XANEIRO

Alumnos de 5º e 6º de Educ. Primaria

Á volta das vacacións de Nadal os alumnos de 5º e 6º xunto cos outros cursos de Primaria comezamos xa cos preparativos para a conmemoración do Día da Paz. Traballamos actividades dende as distintas áreas: relixión, plástica, música, lingua...

Esta é a relación de actividades que fomos realizando nas distintas áreas:

- o Nas clases de relixión vimos o significado do símbolo da pomba e a ramiña de oliveira.
- o En plástica fixemos murais, pintamos e recortamos pombas que pegamos nunha cartoliña circular para facer unhas medallas.
- o Nas clases de música ensaiamos catro danzas internacionais: infantil, primeiro e segundo, terceiro e cuarto, quinto e sexto.
- o En lingua compuxemos textos en prosa e en verso relacionados co tema (na páxina seguinte).

O día 28 pola tarde, todos os alumnos, alumnas, e profesoras, levando colgada a medalla coa pomba da paz, reunímonos no ximnasio para interpretar os bailes preparados. Despois fixemos entre todos un gran coro e collidos da man cantamos o Himno á Alegría. Nas seguintes fotos podedes vernos aos alumnos de 5º e 6º:



Como conclusión de todas as actividades sacamos este lema:

"QUERÉMOS A PAZ TODOS OS DÍAS DO ANO".

Poemas sobre a PAZ:

*Coa paz todos rimos,
coa guerra todos sufrimos.
Se na terra houbese paz
e nos corazóns amor,
se as persoas se respectasen
e non houbese discriminación
para todos sairía alegre
cada mañá o sol;
así poderíamos desfrutar
dun universo mellor.*



*JÁi pomba da paz,
quen te puidera alcanzar,
e as catástrofes do mundo
poder deter e frear*

*¡Eu non quero guerras,
nin rifles nin metralletas,
nin bombas nin escopetas,
nin 11M, nin ETA!*

*Pombiña mensaxeira,
emprende o teu voo líxeira,
sedenta da tua mensaxe
encóntrase boxe a terra.*

*Colle alento nas túas ás,
e ali onde existe a guerra
corre sementar a paz,
voa pombiña, ¡acelera!*

*Oxalá os nosos fogares
e tamén na nosa escola
predomine a amizade,
o diálogo e entendemento
para poder estar todos
moi felices e contentos.*



A CARBALLEIRA DO COLEXIO DE LOUSADA

Alumnos de 6º do CEIP de Lousada

Cada ano os alumnos do CEIP de Lousada envíannos un artigo que nos fala do contorno do seu colexio. Este ano é un conto que nos vai encantar. Imos ter que plantar algún carballo no patio do CPI Tino Grandío para ver se acaba vindo algunha parella de pegas tamén aquí.



Como moitos de vós sabedes, o Colexio de Lousada ten unha fermosa carballeira na que todos os anos veñen facer o seu niño dúas parellas de pegas. A historia dos niños foi como segue...

Cando ía empezar a primavera (época na que crían as aves) comezou a chover tan forte que parecía que se ía acabar o mundo. Dúas parellas de pegas indefensas andaban á procura dun sitio para facer o seu niño. Non atopaban un lugar axeitado para este fin: No tellado dunha casa poderíao descubrir o dono e, como pesa tanto, desfaríao sen miramentos. No medio dunha silveira podería vir un gato famento ou unha donicela e comer as crías. Nunha xesta podería vir un raposo e, como son tan listos, enganar aos pitiños cando foran grandes e comedos dun bocado, ademais, o vento abanea demasiado as copas das xestas e os pitiños maréanse.

Despois de moito pensar no asunto acordaron de facer o seu fogar nas pólas de dous carballos do Colexio de Lousada; alí non pode subir o raposo, nin esconderse o gato para comer os pitiños nin o vento pode sacudir as fortes pólas.

Cando os nenos saen ao patio a xogar vense os pegas botar as súas cabeciñas para velos dende o seu mirador. Ás veces parece que se ríen cando un neno ou unha nena fai unha mala xogada.

Despois do recreo, as nais van mirar á papeleira se algún neno ou nena deixou algo de bocadillo sen comer. Entón cóllegenlo co seu peteiro e lévanlo ao seu niño para dárllelo aos seus pitiños. O que máis lles gusta é pan con xamón ou chourizo, por iso ás pegas brancas e negras lles chaman carnizás, porque lles gusta a carne. O que menos lles gustan son os bollycaos e as lambetadas, porque saben que lles estropea o peteiro. Tamén baixan á pista a recoller as faragullas dos bocadillos que lles caen aos nenos que o comen e andan correndo.

Cando vai calor, e os nenos deixan as ventás abertas para ir ao patio xogar, as pegas levan os seus fillos ás aulas para que aprendan a facer as letras, ler contos, aprender a sumar, etc. Ao volver do recreo, antes de que entren os nenos nas clases, as pegas rouban da mesa do profesor unha folla para que os pitiños escriban ali o que aprenderon. Co seu pico afiado van picando a forma das letras. Saben contos e cancións que contan e cantan ao seu xeito. Vós seguro que non entenderes nada, pero os nenos e nenas do Colexio de Lousada saben interpretar a linguaxe das pegas. Se queredes saber o que din as pegas cando grallan preguntádellelo a un alumno do Colexio de Lousada e el dirávolo, se quere, porque é un segredo moi coidado.

ENQUISA SOBRE O COMEDOR

Alumnos de 6º de Educ. Primaria

Os alumnos de 6º de Primaria decidimos facer unha enquisa con diversas preguntas sobre a comida do comedor do colexio.

O noso propósito era coñecer a opinión dos alumnos e alumnas do centro acerca do comedor. Polo tanto participou o alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria.

En primeiro lugar tivemos que decidir as preguntas que formarían a enquisa. Pasamos todos os datos ao ordenador. A continuación, repartimos a enquisa por todo o colexio xunto co menú do mes de marzo, e uns días máis tarde recollemos as respostas. Por último, fixemos o reconto total, empezando curso por curso. Isto deunos moito traballo.

O menú do mes de marzo era o seguinte:



C.P.I. TINO GRANDÍO

MENÚ MES: MARZO

Martes 1	Puré	Macarróns
Mércores 2	Lentellas	Costela
Xoves 3	Ensalada rusa	Lacón asado
Venres 4	Sopa	Guiso de luras
Luns 7	Brócoli	Macarróns
Martes 8	Ensalada de xoubas	Carne estufada
Mércores 9	COCIDO	
Xoves 10	Lentellas	Empanada de atún
Venres 11	Menestra	Peixe en salsa
Luns 14	Puré	Paella
Martes 15	Ensalada	Macarróns con carne
Mércores 16	Ovos recheos	Carne estufada
Xoves 17	Caldo	Polo
Venres 18	Ensalada rusa	Peixe en salsa
Martes 29	Coliflor	Macarróns
Mércores 30	Friame	Guiso de luras
Xoves 31	Sopa	Pizza

SOBREMESA: froitas variadas, iogur, flan, froita en xarope, natillas, xeado, queixo, marmelo e chocolatina.

E a enquisa que pasamos era esta:

ENQUISA

¿Gústache a comida do comedor? SI NON.....

Elixo a data do teu día preferido no menú do mes de marzo:

Rodea o teu alimento preferido: carne, peixe, verdura, pasta, legumes.

Rodea a túa sobremesa preferida: froita, iogur, flan, natillas, xeados, queixo e marmelo, chocolatina.

¿Qué prato se podería engadir ao menú?

1º _____

2º _____

sobremesa _____

Elixo para o recreo: froita, chocolatina, batido, queixo e marmelo.

(Graciñas pola túa colaboración. Os alumnos de 6º pasarán pola túa clase para recoller a enquisa.)

Análise dos datos:

O total dos alumnos de Primaria no C.P.I. Tino Grandío é de 55, dos que participaron nas enquisas un total de 51, é dicir, tivemos unha participación do 92,7%.

As porcentaxes das respostas ás preguntas formuladas foron:

- Á pregunta de se lles gusta a comida do comedor, o 96% contestaron que si. Só un 4% contestaron negativamente.
- O día más votado do mes de marzo foi o xoves 31, no que había sopa de primeiro prato e pizza de segundo. Seguramente o éxito deste día está na pizza. Que rica! O segundo día más votado foi o martes 15, no que había ensalada de primeiro prato e macarróns con carne de segundo. Como nos gusta a pasta!
- O alimento más votado foi a pasta; de sobremesa o xeados e para o recreo chocolatina.
- Sabedes cal sería o menú máis desexado para engadir aos que xa temos?
 - Primeiro prato: ameixas
 - Segundo prato: centola
 - Sobremesa: torta ou amorodos con nata


En E.S.O. de 97 alumnos participaron 88 do alumnado (un 90,7%). Os resultados desglosados foron os seguintes:

- Dos 88 enquisados 62 dixerón SI a que lles gusta a comida do comedor, e 29 opinaron que NON.
- O día más votado entre os menús do mes de marzo coincide co más votado en Primaria, é dicir o 31 (sopa e pizza), mentres que o día 15 o segue moi de preto (ensalada e macarróns con carne).
- En canto ao alimento preferido é a carne e de sobremesa natillas e chocolatina e de recreo, batido.
- Podemos dicir que temos uns compañeiros con moi bo gusto, pois queren engadir ao menú marisco e pasteis.

¡BO PROVEITO!

RECOMENDACIÓN CULTURAIS

Este ano en Pallares inauguramos unha sección con recomendacións daqueles libros, películas, xogos, etc. que máis nos gustan a fin de que vós opinedes e teñades unha opinión de partida á hora de iniciar unha lectura, ver unha película, etc.



LIBRO: DAHL, Roal: *Charlie y la fábrica de chocolate*, Alfaguara.


Este libro trata da historia de Charlie, un neno pobre ao que lle encanta o chocolate pero non pode compralo. Un golpe de sorte cambia a súa vida.

Gustounos moito este libro, aínda que é moi fantástico e máxico. As aventuras que viven os seus personaxes son moi divertidas e engancha. Ademais tamén ensina que ser boa xente ten recompensa.

Recomendámolo para todas as idades. Ademais, hai tamén unha edición en galego publicada por edicións do Cumio.

Alumnos de Obradoiro - 2º E.S.O.

LIBRO: CERVANTES, Miguel de: *Don Quijote de la Mancha*.



Neste ano no que se conmemora o cuarto centenario da publicación deste libro, non podemos menos que recomendar a súa lectura. Neste, coma en moitos outros centros educativos, houbo unha serie de actividades ao longo do curso para que coñezamos a súa importancia. Nunha sección coma esta ¿Que pode levarnos a

recomendar un libro tan antigo? Sen dúbida, a súa ben elaborada historia que fai de Don Quijote a primeira novela moderna. Tamén o sentido do humor que vemos por todo o libro e o feito de que non deixa de ser un libro de aventuras.

Que sexa un libro tan destacado pode impoñer un pouco pero se non nos atrevemos cunha edición completa, sempre temos a opción de escoller unha das moitas edicións simplificadas para estudantes de Primaria ou Secundaria.


Ben pensado ¿Por que non nos vai gustar un libro que gustou a millóns de lectores ao longo de catro séculos? Algo especial terá que ter...


LIBRO: FRANK, Ana: *Diario*.

Este diario é un librodiario escrito por Ana durante a época que pasou escondida coa súa familia e outras persoas durante a represión nazi.

Gustoume xa que é un documento real que conta esta traxedia histórica desde unha perspectiva moi persoal.

B. Isabel López Andrade - 4ºB





LIBRO: BROWN, Dan: O Código Da Vinci. Umbriel

Un misterioso asasinato leva a encontrarse a un profesor experto en simboloxía e a unha policía na resolución dunha serie de enigmas e misterios mesturados co Grial e a Igrexa.


Iván Pérez Rodríguez - 4ºB E.S.O.

LIBRO: MONTERO, Rosa: El corazón del táraro. Espasa Calpe.

É unha historia longa pero interesante e fácil de entender. Trata sobre unha rapaza, que un día é perseguida, pero existe a dúbida de se o perseguidor é seu pai, desaparecido anos atrás, ou o seu irmán, a quen acusou de atracar un banco e estivo máis de dous anos no cárcere.

Rocío López Mourenza - 4ºB E.S.O.

LIBRO: RUIZ ZAFÓN, Carlos: La sombra del viento. Planeta



Eu recomendaría este libro porque ten moita intriga. Nel, un libro envolve a outro e, ademais, podemos aprender moitas cousas.

O protagonista é un rapaz que despois de ler un libro investiga sobre o seu autor e ve reflectida a súa propia vida na historia do autor.

Isabel Serén Ansedes - 4ºB de E.S.O.

LIBRO: REES, Celia: Los desaparecidos. Editorial Gaviota.

Este é o libro que más me gustou. É un libro de misterio que fala sobre fantasmas de nenos e rapaces que desaparecen para sempre ao cantar unha canción sobre sete chanzos nos que a xente que subía por eles morría antes de chegar ao séptimo.

A autora é Celia Rees e, a verdade, é que este libro é realmente bo ata o punto en que, cando te enganchas, é difícil separarse do libro e quedarse coa intriga por saber o que pasa, que lle ocorrerá ao protagonista, que segredo ocultan os sumidoiros, que criaturas fan desaparecer aos rapaces e outro sen fin de preguntas que só atoparán resposta neste libro.

Ana M. Pacheco Matías - 3º E.S.O.

LIBRO: WALLACE, Daniel: Big Fish. Siglo XXI.

Big Fish é un libro moi, moi divertido que reflicte a vida do protagonista que parece unha película de animación. Este libro foi adaptado á gran pantalla da man de Tim Burton.

Martín Rodríguez García - 4ºB E.S.O.

LIBRO: UNAMUNO; Miguel de: San Manuel Bueno, Mártir. Cátedra.

Este libro gustoome porque é unha novela entretida e interesante. Este libro é recomendado para alumnos de 4º de E.S.O.

Adriana López Rodríguez - 4ºB E.S.O.

REVISTA: Natura



Na biblioteca do centro, entre diverso material de consulta, atopamos unha revista de carácter divulgativo, que destaca polo contido dos seus artigos e polas fermosas fotografías que a ilustran; trátase da revista NATURA.

Está a libre disposición, tanto para alumnos, que a poden ler no tempo de lecer, como para profesores. Nela atopamos informacións de actualidade relacionadas estreitamente co medio ambiente, a fauna, vexetación e os espazos naturais, tanto do noso país como do resto do mundo.


Nos números más recentes tratan temas relacionados coa fotografía, achegándonos as novas tecnoloxías dixitais, animais de compañía e incluso cidades de interese.

É unha revista da cal somos seguidores moitos dos profesores do centro e esperamos que a vós tamén vos guste. Merece a pena ollar as súas magníficas fotografías e ler os artigos que son de fácil comprensión e non demasiado longos.

Se vos gusta a natureza non vos esquezades dela.

XOGO PARA PC: Imperium III

(maiores de 12 anos)



Imperium III é un xogo de estratexia no que o xogador é o dono dunha cidade na época do Imperio Romano. Podes escoller a que pobo pertences entre cartaxineses, romanos imperiais e republicanos, galos, iberos, exípcios, xermanos e britóns para establecer batallas con outros pobos para derrotalos e conquistar as súas cidades.

É mellor cós Imperium I e II anteriores onde non había tanta variedade de pobos e había menos opcións. Anque é un xogo bélico, apréndense moitas cousas sobre cada unha das civilizacións, sobre todo dos seus guerreiros, organización militar, forma de vida, etc.

Ademais é moi divertido.

Luís Vázquez Arias - 2º E.S.O.

CD: El disco del Reggaetón

Este disco ten unha música latina moi boa. Algunxs grupos e cantantes son Don Omar, Héctor y Tito, Toby Toon, DJ Kun, Aldo Rank, Lorna, Ángel López, etc.

Todas as cancións son para bailar el perreo, un tipo de baile moi movido, que se baila en parella.

Das vinte e dúas cancións que trae o CD destaco *Baila morena*, *Dale don dale*, *El gato volador*, *El látigo*, *Culo*, *Yeah Maracuyeah* e *Felina*. Son as que máis me gustan.

Ana M. Pacheco Matías - 3º E.S.O.

XOGO PARA PC: Knights and Merchants

Trátase dun xogo no que un pobo se rebela en contra do rei e toma todo o país agás unha parte.

Tes que ir recuperando o teu reino cos exércitos.


É de estratexia e hai que tomar decisións para asegurar a victoria.

Julio J. Meilán Sindín 2ºB E.S.O.

XESÚS LORENZO VARELA VÁZQUEZ

Isabel Serén Ansedes e Beatriz Isabel López Andrade de 4º B E.S.O

Este ano o Día das Letras Galegas adícaselle ao escritor Lorenzo Varela e no noso colexio haberá unha serie de actos arredor da súa figura e da súa obra. Por se alguén non coñece ben a súa traxectoria aquí tedes os datos máis relevantes.



Facade de Galicia
que desprazou
a cada de Galicia
unha por xunto ao mar,
a cada das riberas enmigadas
pradarlle árume ao mundo,
liberdade,

a escola primaria. A finais de 1920 retorna a Galicia.

En 1931 comezou o bacharelato no Instituto de Ensino Secundario. Nun acto que realiza o Partido Galeguista en 1932 coa participación de Castelao, Paz Andrade e Suárez Piccallo, Lorenzo achégase por primeira vez ao ideario nacionalista e en 1933 fundanse as Mocidades Galeguistas de Lugo coa súa presenza entre outros.

Gustábanlle as ideas do nacionalismo pero cría que no social había que ir más lonxe; as súas posicións cada vez más radicais vano achegando ao trotskismo, que estaba representado polo Partido Obrero de Unificación Marxista (POUM).

En 1935 trasládase a Madrid co obxectivo de estudar Filosofía e Letras. Allí foi membro das Misións Pedagóxicas e formou parte do equipo de redacción da revista PAN. Ademais disto, foi crítico literario. Nos seus momentos libres achégase ao café "La Granja del Henar" onde se reunía cos outros galegos cos que compartía ideais políticos. En 1936 constitúese en Madrid a "Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura" na que participa Lorenzo Varela.

O estoupiño da guerra civil cólleo en Madrid adicado á tarefa xornalística. A súa primeira reacción foi enrolarse como voluntario á

Lorenzo Varela naceu o 10 de agosto de 1916 no barco "La Navarre" que estaba entrando na baía da Habana. Os seus pais eran emigrantes galegos orixinarios de Monterroso. En 1920 a familia Varela Vázquez trasládase a Bos Aires, onde cursa

fronte da batalla. Afiliouse ao Partido Comunista e soportou o peso máis importante da contenda.

Namentres combatía na fronte, tiña tempo para escribir ou dirixir distintos xornais. En 1937 participa no Segundo Congreso Internacional de Intelectuais Antifascistas que se realiza en Valencia. Lorenzo Varela percorrerá distintas frontes de batalla combatendo coas armas e coa palabra ata os últimos momentos da contenda.

Coa perda da Guerra Civil, Varela pasa os Pirineos onde permanece no campo de concentración de Saint Cyprien dende febreiro ata maio, data na que consegue embarcar no vapor francés Sinaia rumbo ao exilio de México. Despois dalgúns anos aquí, a finais de 1941, decide ir a Bos Aires onde vive o seu pai. Na capital Arxentina escribe a súa obra máis importante Torre de Amor, Catro Poemas Galegos e Lonxe. Colaborou cos xornais máis importantes do país e realizou xornalismo radiofónico. Ademais foi un excelente crítico de arte e, ao mesmo tempo, adicouse a realizar traducións do portugués ao castelán, sendo ben coñecida Doña flor y sus dos maridos.

Finalmente casa con Marika Gerstein, profesora de idiomas, muller culta de ascendencia xudía. Tivo unha importante vida social chegando a ser admirado polos mozos poetas dos obradoiros literarios da Xeración do Cordobazo.

Viuse obrigado a saír de Arxentina xa que a súa vida corría grave risco e chega a Madrid en 1976. Había pouco tempo que morrera o ditador e o Partido Comunista aínda non fora legalizado. Só podía atopar traballo en Madrid e refuxiábase na Galería Sargadelos de dita cidade para traballar nas súas traducións.

Morre no 25 de novembro de 1978 e o seu corpo foi soterrado en Monterroso.

ENTRE NÓS EN GALEGO-POESÍA

Todos cara a mesma fin.

No C.P.I. Tino Grandío temos bos poetas, como non podía ser menos e velaí tedes unha mostra dos traballos presentados este ano ao certame de Entre Nós en galego.

UN MOMENTO, POR FAVOR por Isabel Serén Ansedes (4ºB E.S.O.)

Hai algo que dicir
pero ningüén escoita.
Hai algo que cambiar
pero eu non podo.
Hai algo que falar
pero as palabras voan.
Hai algo do que decatarse
pero ningüén se dá conta.
Hai algo que facer
pero ningüén ten tempo.
Pasan segundos, minutos,
horas, días, meses...
Case ningüén se move
por onde eu quero,
mais todos están correndo.
Pero debían deterse
un momento, porque
hai algo que dicir:
Galiza é túa nai
o teu irmán o galego,
non sei como non te dás conta
de que a túa familia
te necesita arreo.
Hai algo que cambiar:
a maneira de pensar
que ten a xente,
o galego é cultura
e será sempre.

Hai algo que falar:
que é a nosa lingua
cos pais, amigos e
en todos os sitios.
Hai algo do que decatarse:
o libro de Cantares gallegos
está perdendo páxinas
e esa culpa nosa
por non coidar
o que temos.
Hai algo que facer
que é cambiar isto
e podemos empezar
agora mesmo.
O galego é teu,
meu e de todos
é o noso tesouro
e de nos dependerá
que siga sendo ouro.
Unha voz soa non berra
porque os demás
non a escoitan
pero se berramos todos
seguro que se nota:
¡VIVA O GALEGO!
presume Del. E entre nós:
O galego ¡¡MOLA!!

UNHA DE AMOR

por Simón Sejas Rodríguez (2ºA E.S.O.)



Cando penso que te vas
Labrego e agricultor
Honrado e traballador.
Nese solpor da miña terra
Se morres, serei eu quen morra
Para así non deixarme ti nunca.

Pois así somos nós, en pé galegos!
Da miña terra, para levantar
Este fogar santo.

Nen me deixarás, nin me morrerás
Meu vello solpor
Esperarei na soildade...
Esperarei na liberdade...
Chegar imaxes de ti
De min
Rezarei e soñarei
E a min nunca ti me deixarás
Para onde vas, miña negra sombra
Adeus! Adeus!

Non te vais, pois non te maxino
Sen ti; en pé galegos
Da miña terra para levala
Este fogar tan santo.

SANTA MARÍA DE ZOLLE

Belén Varela (3ºB de E.S.O.) e Luís Vázquez (2ºB de E.S.O.)

Os alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria de Zolle pensamos en facer un artigo que reunise toda a información que fomos atopando en distintas fontes sobre a nosa parroquia para que todos poidades coñecer que é o que alí temos.

Santa María de Zolle é unha parroquia que pertence ao concello de Guntín de Pallares no centro da provincia de Lugo. Está rodeada polas seguintes parroquias: Pradeda e Castelo ao norte, Grolos ao leste, Santa Euxea e Vilamerelle polo sur e Ferreira ao oeste, e dista uns 5 km da capitalidade municipal.



A parroquia está composta polas aldeas de Fontao, Vigo, Zaíde e Zolle e no ano 1991 contaba con 129 habitantes. Os accesos a Zolle son: a estrada que vai desde Guntín a Vigo, a que vai desde O Picato a Zaíde, outra que pasa desde Lousada, por Zaíde e chega a Zolle e varias pistas que unen as aldeas entre si.

Os accidentes xeográficos cos que conta son: o río Lavadoiro, os regatos Fontao e Barreiro, e o monte de Zolle cunha altitude de 522 m.

Entre os monumentos e restos cos que conta cómpre destacar o castro de Zaíde, o sartego prerrománico aparecido en Fontao e a igrexa de Zolle coa virxe pequena, que é unha escultura románica.

O castro de Zaíde é un vestixio prehistórico a uns 300 m da aldea de Zaíde. Segundo os estudos ten parapeto e na actualidade está sen escavar.



Na aldea de Fontao hai anos atopouse un sartego prerrománico antropoide do cal non se sabe a data pero no Museo Provincial, onde se atopa actualmente, pensan que pode datarse entre os séculos VII a X. É de granito e carece da laxa superior.



Ten no seu interior dous ocos para dúas cabezas, enterramento posiblemente dun matrimonio de boa posición social. Ten por fóra nesta mesma fronte unha cruz de

brazos iguais, patada, con dous relevos sobre o paño horizontal e outros dous pendentes, todos eles difíciles de interpretar polo



Na parroquia de Zolle había un patrimonio importante de literatura oral popular que na actualidade se está a perder. Velaí tedes unha mostra:

*Esta aldeña de Vigo
de lexos parece vila,
tenche un caravel na entrada
e unha rosa na salida.*

*En Vigo hai boas mozas,
en Fontao son moi pequenas,
baixando por Zolle abaixa
caravillas pra cancelas.*

*En Sanfiz son todos zorros,
e en Villermo lagarteiros,
en Santa Euxea teibelos
e en Recelle nabiñeiro.*

*Vivan os de Lousadela
que son escurruchabotas,
lapacaldos en Ferreira
e en Pradea puchas tortas.*

*Miña nai e maila túa
van na feira en Lousadela,
vende-lo becerro pardo,
fillo da vaca marela.*

*Adiós Lugo, adiós Lugo,
estilo de maragato,
nunca faltou alegría
onde están os do Picato.*

*Meu amor vai en Lugo
e mandoume unha navalla.*

esquematismo das figuras.

Tamén contamos cunha figura románica da Virxe María e o nenito, realizada en madeira policromada que se atopa na igrexa parroquial. É unha imaxe sedente co brazo derecho estendido e o nenito Xesús sentado nos seus xeonlllos. A imaxe está moi deteriorada, carece dun brazo, e tanto as capas de pintura coma o paso do tempo fan difícil imaxinar como tería sido no seu momento.

Por último convén recordar que as festas en honor da Virxe celébranse cada ano na primeira fin de semana de setembro e algún ano tamén se celebran as de santa Lucía o 13 de decembro.

*con un letreiro que dice:
se queres comer, traballa.*

*Santiago é boa vila:
dá de comer a quen pasa,
levando cartos na bolsa,
pantrigos hainos na plaza.*

*Voulles contar unha historia
que lle pasou ao meu mozo
con unha rapaza guapa
dunha aldea que eu conozco:*

*El chamábase Xacobo
e ela Pepa se chamaba,
se Xacobo era pillo
ela seica lle ganaba.
Cuarta feira pola tarde
iba Pepa pra o muíño
e encontrouse con Xacobo
que a esperaba no camiño,
que viña con feixe de herba,
que fora por el ao prado.
-Pousa o saco no valado
-Moi cansada non che veño.
-Anda muller para dícirche
o bon amor que eu che teño.
-Ese conto éche moi vello,
chámanlle o conto da caza,
e así din tódolos mozos
cando falan coa rapaza.*

APUNTÁMONOS

Os alumnos de 2º de E.S.O.

Aos alumnos de 2º de E.S.O. estannos a agobiar pois nas clases de inglés temos que chutar por se nas Seccións Europeas queremos participar, e demos en cavilar que o máis axeitado será que aos alumnos de 3º e 4º os vaimos entrevistar, e valoradas as súas respuestas, xa se verá.

ENTREVISTA AOS ALUMNOS DE SEC. EUROPEAS DE 3º

■ Que é iso das Seccións Europeas?

- As sociais impartidas en inglés.
- Unha clase de inglés na materia de sociais.

■ En quantas horas se incrementa o horario escolar?

A maioría dos entrevistados entenderon horas de inglés á semana e respondieron que teñen 4 horas de sociais en inglés e 3 de lingua inglesa, pero esas son as horas que hai no horario oficial independentemente do idioma na que se imparta a asignatura de sociais.

Os alumnos do programa de Seccións Europeas teñen unha sesión de 45 minutos de lingua inglesa a maiores do horario escolar que se fai coincidir cos descansos vespertinos.

■ Que facedes nas clases de sociais?

-Dar clases de sociais en inglés. Ler, traducir, falar, e fazer os exercicios correspondentes á asignatura.

■ E nas clases específicas de inglés?

-Mellorar o noso nivel de inglés oral. Falar, poñernos en situacións da vida cotiá e ser capaces de desenvolvernos.

■ A nivel académico, como e onde se reflicte?

Nos boletíns de notas e no expediente académico.

■ Sinceramente, merece a pena tanto esforzo?

16 respuestas afirmativas e 5 negativas.

■ Repetirías a experiencia?

Si: 14
Non: 5
Depende: 2

■ Estou en 2º de E.S.O. Anótome para a Sección Europea o ano que vén?

14 alumnos contestan categoricamente SI.
5 alumnos responden NON.
2 alumnos profundizan na resposta e aconsellan positivamente se se acada unha media de Notable en inglés.

Tendo en conta os resultados da enquisa, os alumnos de 2º de E.S.O. ímonos poñer as pilas para ser candidatos ao programa de Seccións Europeas, que este colexio ten o privilexio de podernos ofertar.

Graciñas a todos os compañeiros por colaborar e intentarnos animar.

UN FOLLETO SOBRE GUNTÍN

Alumnos da Sección Europea de 4ºB de E.S.O.

Os alumnos de 4º B de E.S.O. do C.P.I. Tino Grandío elaboramos un folleto para que todos os turistas que falen inglés poidan visitar Guntín dispoñendo de toda a información. A nosa intención era realizar un proxecto dentro da clase de lingua inglesa que fose de utilidade práctica e que nos permitise practicar más o inglés.



A idea naceu cando nos decatamos de que non existía información nesta lingua nin en folletos nin sequera en internet en lingua inglesa.

Para elaboralo, como o noso coñecemento sobre o concello onde residimos é escaso, ou polo menos insuficiente para preparar este material, decidimos basearnos fundamentalmente na bibliografía á nosa disposición dentro do colexo. O material de partida provén dos folletos editados polo Concello (en castelán), da Enciclopedia Galega, internet e outras fontes ademais do proporcionado pola profesora.

Este folleto contén diversos datos sobre a localización de Guntín, o seu clima, as diversas actividades e deportes que se poden practicar, rutas turísticas a percorrer... Moitos destes temas estivémoslos tratando na materia de xeografía de 3º de E.S.O. que estudamos

en inglés no curso pasado. Tamén hai información para realizar algunas rutas a pé ou en coche visitando algúns dos monumentos más importantes da nosa vila coma o mosteiro de Ferreira ou a ponte Cabalar.

Nas últimas páxinas aparecen algunas datas importantes vencelladas ao noso Concello e teléfonos que cremos que poden ser útiles para todos os visitantes, ademais dun mapa de Guntín onde aparecen situados os lugares anteriormente nomeados. Ademais de todo o anterior, quedamos satisfeitos do noso traballo porque así tivemos a oportunidade de saber algo máis de Guntín.

Finalmente esperamos que este folleto sexa de gran utilidade para as persoas que desexen coñecer un pouco máis a nosa localidade e necesiten información en inglés



ISABEL A CATÓLICA

Marta Rey López e Carolina Rodríguez Díaz de 4ºB de E.S.O.

Despois de un ano do V centenario da morte de Isabel a Católica aos 53 anos, a raíña de Castela segue recollendo críticas e louvanzas. Durante o seu reinado, xudeus e musulmáns tiveron que abandonar España obrigados polas armas, mentres a Inquisición divulgaba o pánico entre os non crentes. Polo contrario, un descubrimento cambiaria por completo a idea do mundo: a conquista de América, por Cristóbal Colón, empresa histórica na que o mariñeiro xenovés levaría a cabo co incondicional apoio da controvertida raíña de Castela.



TEST:

01. ¿Que Papa lle outorgou a Isabel o título de Raíña Católica?

- A. Alejandro VI
- B. Inocencio II

02. ¿En que ano o Episcopado español iniciou a causa para a súa beatificación?.

- A. 1961
- B. 1958

03. ¿Cantos días pasaron entre a firma do compromiso matrimonial entre Isabel e Fernando e a súa voda?.

- A. 5
- B. 28

04. Tras consumar o matrimonio, Fernando ensinou a saba nupcial, como mostra da súa capacidade sexual.

- A. Falso
- B. Verdadeiro

05. ¿Cantos fillos tiveron?

- A. 5
- B. 4

06. ¿Que nacionalidade tiñan as primeiras amas que coidaron de Isabel cando era pequena?

- A. Portuguesas
- B. Alemás

07. ¿Cantos anos lle levaba o seu esposo?

- A. Tres
- B. Un

08. ¿A que hora faleceu?

- A. 12 do mediodía
- B. 3 da tarde

09. ¿En que poboación dictou o seu testamento?

- A. Medina do Campo
- B. Arévalo

10. Os seus restos foron revestidos cun hábito franciscano

- A. Falso
- B. Verdadeiro

11. ¿Canto cobrou o carpinteiro que fixo o ataúde?
 A. 970 marabedís
 B. Nada
12. ¿Como se chamaba a capela da Alhambra onde recibiu sepultura?
 A. Capela da Lúa
 B. Capela Real dos Mouros
13. ¿De que enfermidade se cre que morreu?
 A. Tuberculose
 B. Cáncer
14. Os primeiros hospitais de campaña foron creados por ela.
 A. Falso
 B. Verdadeiro
15. ¿Como se chamaba o cronista da Corte?
 A. Irmán do Pulgar
 B. Alejandro de Ferro
16. Colón foi presentado á raíña por...
 A. O confesor de Isabel
 B. Un amigo común
17. ¿En que idioma falaba Isabel co seu confesor?
 A. Portugués
 B. Latín
18. ¿Cantas cartas foron enviadas ao Papa pedindo a súa beatificación?
 A. 250.000
 B. 105.600
19. ¿Que día de novembro de hai 501 anos naceu?
 A. 26
 B. 18
20. ¿Por que a queren beatificar?
 A. Curou a dous enfermos
 B. Expulsou aos musulmáns

SOLUCIÓNS: 1A / 2B / 3A / 4B / 5A / 6A / 7B / 8A / 9A / 10B / 11A / 12B / 13B / 14B / 15A / 16A / 17B / 18B / 19A / 20A


A POBOACIÓN DE GUNTÍN

Alumnos de 3º B de E.S.O.

Neste artigo imos analizar a situación poboacional de Guntín partindo do gráfico que representa a poboación do concello clasificada por tramos de idade.

Esta é a pirámide de poboación de Guntín. Guntín é un concello envelentado; nacen poucos nenos. Os lados estreitos da pirámide indican que tamén hai unha baixa taxa de defunción, e unha alta esperanza de vida.

A base da pirámide é estreita, o que significa unha taxa de natalidade baixa. Nacen máis nenos ca nenas, o que contrasta con que haxa máis rapazas de 10 a 19 anos ca rapaces. Hai máis homes ca mulleres entre os 20 e os 50 anos de idade, pero hai máis mulleres maiores de 65 anos ca homes, pero maiores de 100 anos só hai un home. En xeral hai máis homes ca mulleres.



O NOSO PROXECTO BIOAMBIENTAL

"Todos teñen dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo"
(Art. 45 Constitución española de 1978)

"A educación debe desempeñar unha función capital con miras a crear a conciencia e a mellor comprensión dos problemas que afectan ao medio ambiente"
(Conferencia de Tbilisi 1977)

Dende o departamento de Ciencias elaborouse un proxecto de acción directa sobre o medio: *Estudio e coidado do entorno do C.P.I. Tino Grandío e Mosteiro de Ferreira de Pallares*, co que participamos no concurso VOZ NATURA.

¿Que é VOZ NATURA?

É un proxecto de actuación bioambiental promovido pola Corporación Voz de Galicia que trata de implicar a equipos de estudiantes de centros de Galicia baixo a dirección de un ou varios profesores ou profesoras.

Cada equipo de participantes debe deseñar e executar un proxecto bioambiental que deberá desenvolverse ao longo do curso escolar no contorno do centro educativo.

Todos os centros representados no concurso recibirán axuda económica e un certificado de participación e, os de maior interese, recibirán premio.



¿En que consiste o proxecto?

Con este proxecto pretendemos fomentar as capacidades de observación enfocadas ao estudo do medio natural que, por outra parte é tan próximo..

Pretendemos tamén que, a través da participación en tarefas de coidado de especies vexetais e de acondicionamento do contorno do colexio, saibam apreciar a importancia do traballo en grupo e o respecto cara o medio que os rodea, dándose conta de que o esforzo encamiñado a determinadas tarefas trae resultados gratificantes para todos, mellorando o aspecto do noso contorno.

Por outra parte desexamos vincular as actividades escolares con actividades de tipo cultural relacionadas co Concello, en concreto coa Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares que ten por obxectivo fomentar o coidado e promover a reconstrucción de dito mosteiro.

O alumnado participará no estudo histórico-artístico da igrexa e mosteiro e no acondicionamento do seu enclave natural.

¿Que actividades realizamos?

Tendo en conta a diversidade do alumnado (participan dende educación infantil a secundaria), as tarefas adaptáronse tanto no tempo como por idades.

Nun principio pasouse unha enquisa ao alumnado de secundaria, que permitiu recoller información sobre o grao de observación que teñen do seu contorno natural.

Realizouse un traballo de investigación sobre usos, nomes, ... de distintas plantas medicinais, así como recollida de lendas, tradicións, refráns, adivinas,...o que lle da ao proxecto un carácter transversal reflectido na área das linguas.

Recolléronse sementes de árbores e arbustos da zona para confeccionar un semilleiro e un viveiro que suministrará exemplares para a súa plantación posterior. Estas plantacións fixérонse reutilizando macetas e no invernadoiro instalado para tal fin no recinto exterior. Posteriormente trasplantaranse no patio do colexio. Tamén se sementaron plantas ornamentais e medicinais.

O alumnado de Educación Secundaria realizou ademais un estudo da influencia do

medio no desenvolvemento das plantas (xermolación e crecimiento), utilizando distintos tipos de substratos. Analizaron nos medios de cultivo pH, contidos de nitróxeno e fósforo.

En colaboración co departamento de Xeografía e Historia, estudaron o Mosteiro de Ferreira e a súa igrexa.

Coa colaboración do departamento de Tecnoloxía, fabricaron caixas niño e táboas de identificación.

A avaliación é positiva polo que lle daremos continuidade nos próximos cursos, con novas propostas.



DAS PLANTAS: CONTOS, CANTIGAS, ADVIÑAS, REFRÁNS...

CANTIGAS:

A castaña sabe ben,
O viño vaise bebendo,
Atizádelle ben ao lume
Que o magosto imos facendo.

A castaña no ourizo
Quixo rir e regañou,
Caeu do castiro embaixo
E mira o pego que levou.

Miña nai ten un unto vello
Dun cocho que ha de matar

Tamén ten verzas na horta
Das coles que ha plantar.

Non chas quero, non chas quero,
Castañas do teu magosto,
Non chas quero, non chas quero,
Que me cheiran a chamosco.

Has bailar que che hei dar castañas,
Has bailar que chas hei de dar,
Que chas teño prometidas
E non che podo faltar.

Recollido por alumnos de todos niveis

DITOS:

- Non todo o monte é ourego.
- A moralexa do loureiro, que non se queda sen folla para protexer ao paxaro.

REFRÁNS:

- O que se abriga na folla, dous veces se molla.
- A castaña en agosto arder e en setembro beber.
- Temperá é a castaña que por setembro regaña.
- Se a fraga ves medrar, recolle o froito e esquece o lugar.
- No mes de San Xoán tanto queixo coma pan.
- Ano de noces, ano de voces.
- As castañas polo San Martiño, teñen sede e queren viño.
- Castañas, viño e chourizos, no mes de Santos son vicios.
- Para boa castaña coller, en agosto ha de quecer e en setembro ha de beber.
- Con novos castiñeiros, castañas a milleiros.
- Apañando e apañando, castañas irás xuntando.
- Se castañas queres comer, fai un magosto e invita a alguén.




ADIVIÑAS:

Altos pais,
Capeludas nois
Fillos furafoles
Adiviña ti, se puedes.
(O castiñeiro, o ourizo e as catañas)

Unha cousa que se cría no aire
E no aire se mantén,
Cando ri, fica sen canto ten.
(o ourizo)


¿Que lle di un feixe de nabos a outro?
(Estás apañado)



O QUIXOTE: CUARTO CENTENARIO

Tamara Ares, Beatriz López e Iván López de 2º A de E.S.O.

Durante os últimos cursos escolares, e con motivo da celebración do *Día do Libro*, véñense realizando diversas actividades no Centro empregando como recurso esta obra literaria, dende exposicións de diferentes exemplares ata lecturas de edicións concretas, etc. Sempre se pensou que era o referente da literatura castelá e de obrigado estudo no noso centro.



No actual curso celébrase o cuarto centenario, un motivo máis para continuar co traballo xa iniciado, aproveitando iniciativas doutros colectivos e acadando información.

De maneira que durante o actual curso estase a traballar nas aulas e tamén nos espazos comúns (exposicións, debuxos...) e participando en propostas externas como por exemplo o concurso da ONCE, concursos de debuxo e redacción, etc.

Queremos resaltar este concurso da ONCE pola súa relación directa co traballo que se está a facer dende o departamento de orientación sobre as medidas de atención á diversidade (con conferencias e actividades realizadas por persoas da comunidade xorda e de deficiencias motóricas que tiveron unha moi boa aceptación por parte de todo o alumnado).

O concurso consistía na explicación a unha persoa cega dun debuxo sobre O

Quixote, despois de ler algúna das aventuras más coñecidas escolleuse unha que se debuxou e describiu detalladamente coa pretensión de facerllela visualizar ás persoas cegas. É un exercicio solidario que esixe poñerse na pel doutro, alguén coma ti pero que non ve. Como podes imaxinar, a capacidade dunha persoa cega para comprender a descripción dun debuxo require unha serie de adaptacións empregando os outros sentidos (tacto, oído...). Os/as alumnos/as de segundo da ESO intentárono, facendo unha descripción do debuxo e suxerindo a súa posterior gravación, que estaría a disposición de calquera persoa cega, por non ter ao seu alcance outros recursos. Chegaron a unha conclusión: pouco teríamos avanzado se non se conseguise facilitar ás persoas cegas ou deficientes visuais a lectura e o acceso á literatura; esta é a nosa pequena achega.

DEBUXO:



DESCRICIÓN:

No cuadrante superior esquierdo vese a Don Quixote de pé nunha barca coma un capitán cotexando o horizonte. Está vestido cunha armadura gris. Na man ten unha espada e un escudo. O bigote e o pelo son vermellos. No pescoco, vese unha camisa branca, por debaixo da armadura.

No cadrante inferior derecho vese a Sancho Paza sentado na barca, vestido cun xersei marrón escuro de manga curta e por debaixo unha camisa de manga longa cor marrón moi clara. O cinto de Sancho é de cor negra e o pantalón gris escura. Leva un sombreiro amarelo na testa, ten o pelo negro, está chorando e seca as bágoas cun pano vello e zurcido cun remendo.

Nos cadrantes superiores, dereito e esquierdo, vese un bosque con moitas árbores e arbustos e unhas pequenas montañas.

No cadrante esquierdo están o cabalo de don Quixote e o asno de Sancho Panza, que se queren desatar para seguir aos seus donos desesperados, por iso é que chora Sancho.

A barca está situada nos dous cadrantes inferiores, centrada. É de cor marrón e navega polo río azul. É arrastrada por unha fantasma branca de ollos negros.

¿QUE FACER CANDO ACABE?

Departamento de orientación

Hai momentos nos que un estudiante se encontra con certos interrogantes sobre o seu futuro. Fundamentalmente ao remate de cada etapa educativa. Desde o departamento de orientación pretendemos aclarar as dúbihdas principais.

EDUCACIÓN PRIMARIA

É o primeiro tramo da educación obligatoria e comprende 6 cursos académicos, desde os 6 ata os 12 anos de idade.

OBXECTIVO: Proporcionar a todos os nenos e nenas unha educación común que faga posible:

- A adquisición dos elementos básicos culturais.
- As aprendizaxes relativas á expresión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo aritmético.
- Unha progresiva autonomía de acción no seu medio.

Ao rematar a a Educación Primaria accédese á E.S.O.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

É unha etapa de formación básica obligatoria e gratuítia Abarca catro cursos académicos, entre os 12 e os 16 anos de idade.

OBXECTIVOS:

- Transmitir ao alumnado elementos básicos da cultura.
- Formalo para asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos.
- Proporcionar unha formación xeral, que garanta as aprendizaxes básicas necesarias para a incorporación plena no mundo laboral e social.
- Preparar para o acceso a estudos posteriores de bacharelato ou ciclos formativos...

Ao rematar a a Educación Primaria accédese á E.S.O.

AO REMATE DA E.S.O.:

- A) Os alumnos que acadan todos os obxectivos obteñen o
 - **TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA.**
- B) Os alumnos que non teñan acadados todos os obxectivos, dáselles un
 - **CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE**

¿QUE FACER DESPOIS DA E.S.O.?

- A) Con TÍTULO de GRADUADO NA E.S.O. as opcións son:
 - Bacharelato
 - Ciclos formativos de Grao Medio (Título Técnico)
 - Ciclos Formativos de G.M. de Artes Plásticas e Deseño.
- B) Co CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE As opcións son:
 - Mundo laboral
 - Programas de Garantía Social (PGS).
 - Educación Permanente de Adultos (presencial ou a distancia).
 - Formación Ocupacional: Cursos da Xunta, Escolas-Obradoiro e Casas de Oficios...

COMO MELLORAR EN INGLÉS SEN SAÍR DO NOSO CONTORNO PRÓXIMO

Alumnos da Sección Europea de 3ºB de E.S.O.

Ás veces sen dármonos conta temos a posibilidade de practicar e mellorar o noso coñecemento doutros idiomas, sendo o máis frecuente o inglés. En moitas ocasións bastaría só con fixarnos en todas as posibilidades que temos ao noso alcance.

Dentro do colexio, e nas clases podemos aproveitar certas situacións para mellorar e practicar en inglés. Na clase de inglés deberemos falar todo o posible en inglés cos nosos compañeiros e coa profesora. O alumnado que está na Sección Europea tamén pode practicar o idioma no horario desa materia.

Podemos empregar o tempo libre que temos no colexio, e na casa, para ler libros de lectura graduada en inglés. Ademais podemos ver películas en versión orixinal, ou subtituladas en inglés que é bastante máis fácil.

Un dos mellores medios é Internet, pero aínda non é o máis accesible. En Internet temos a posibilidade de cambiar ao inglés os programas de busca e intentar atopar a información en inglés (Con frecuencia atoparemos máis datos se tamén nos serve a información en inglés). Tamén podemos ler xornais e revistas en inglés a través da rede. Mesmo hai páxinas con contidos pensados para estudiantes de inglés (e de calquera outra materia). Se temos acceso a internet este resulta un servizo gratuito.

Na nosa propia casa podemos ler os libriños de instrucións de aparellos e electrodomésticos, que habitualmente veñen en inglés. Podemos escoitar música, mellor se temos a letra diante, ver películas en versión orixinal ou poñer o noso móvil en inglés. Se temos a posibilidade (como unha antena especial) podemos axudarnos e ver a televisión en inglés. Outra posibilidade é acudir a algunha oficina de turismo e solicitar información no idioma que queiramos, pois habitualmente teñen material pensado para turistas que non falan a nosa lingua. Nos

quioscos tamén existen publicacións de distintos niveis pensadas para aprender inglés, e que teñen un nivel máis ou menos alto e o vocabulario máis difícil traducido ou definido.

En conclusión, deberíamos aproveitar as posibilidades que nos ofrece o día a día para mellorar a nosa comprensión e expresión en inglés e en calquera outro idioma.



PARA EDUCAR A UN NENO NECESÍTASE TODO O POBO

Departamento de orientación



Nun proxecto educativo temos que implicarnos todos, aquí soamente escribiremos algúns recursos que poden axudarnos ao desenvolvemento dunha educación de colaboración educativa, de protección e axuda aos nenos.

1. Infundirles aos nenos un sentimento de **seguridade básica**.
2. Fomentar un **equilibrio afectivo** que permita resolver os problemas.
3. Sabedoría práctica para **resolver os conflitos**.
4. Ensinar a emprender e iniciar cousas e **perseverar no esforzo**.
5. Lograr **persoas activas**, diligentes que respondan ás situacóns e non deixen as cousas para mañá.
6. Educar nunha **autonomía responsable**, é dicir, para unha liberdade que saiba a quen se ten que vincular e de quen se ten que liberar.
7. Desenvolver a **creatividade**, que é facer algo valioso que non existía, que teñan a capacidade de facer cousas.
8. Favorecer a **alegría**, cada persoa temos un estilo afectivo que podemos potenciar e mellorar.
9. Ensinar a **convivir cos demais** e pensar que todas as persoas nos podemos axudar
10. Actuar con **solidariedade** ou compromiso ante situacións adversas.
11. Fomentar o **respecto** ou a actitude que temos que ter ante calquera situación valiosa.
12. Potenciar o sentimento de **xustiza**.


Estes 12 recursos non son só para aplicalos cos nenos, senón con cada un de nós; con iso estaremos intentando facer un mundo máis feliz e mellor.

PENSA 1 POUCO


Marta Rey, Isabel Serén e B. Isabel López de 4ºB de E.S.O.

ADIVIÑANDO UN NÚMERO

Ana e Luís xogan a adiviñarse números. Cada un deles dálle pistas ao outro e con elas ten que encontrar o número que pensou. Esta é a proposta de Ana: o número é de 4 cifras e capicúa e a suma das súas cifras é 14. Se intercambiamos a cifra das unidades coa das decenas e a das centenas coa dos miles o número segue sendo capicúa e a súa suma segue sendo 14, pero a diferenza entre o novo número e o que ela pensaba é 2673. Con todo iso xa podes atopar o número que pensaba Ana.




XOGO CON PAUÍÑOS



Movendo doux pauíños tes que conseguir que o can que está mirando cara á esquerda mire cara á dereita.

ATA OS ÓSOS

No Quixote, os personaxes acudían ó alxebrista cando tiñan problemas cos seus ósos. Pero, ¿que teñen que ver as matemáticas cos ósos? Realmente, nada. Na antigüedade a palabra álgebra, significaba tamén a arte de amañar as escordaduras dos ósos. Na actualidade tamén podemos atopar este significa.



CALCULA

Realiza estas operacións:

$$\begin{array}{r} \text{GOTA} \\ \text{GOTA} \\ \text{GOTA} \\ + \text{ GOTA} \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} \text{AIRE} \\ \text{AIRE} \\ \text{AIRE} \\ + \text{ AIRE} \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} \text{SEMANA} \\ \text{SEMANA} \\ \text{SEMANA} \\ + \text{ SEMANA} \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} \text{LUGO} \\ \text{A CORUÑA} \\ + \text{ OURENSE} \\ \text{PONTEVEDRA} \\ \hline \end{array}$$

Solución:

Calcula: auga, vento, mes, Galicia
Adiviñando un nº: 5225

A CONSTITUCIÓN EUROPEA

Eva M^a Redondo Valín e Silvia Puga Castro de 1º E.S.O.

Recentemente celebrouse un referendo sobre unha proposta de Tratado de Constitución europea. Dado que a maioría dos cidadáns sabemos pouco sobre o fondo desta consulta ou, mesmo, sobre a Unión europea, as autoras deste artigo pretendemos aclarar algúns deses puntos menos coñecidos.

QUE É A CONSTITUCIÓN?

A Constitución é a lei fundamental dun estado que fixa os dereitos e os deberes dos cidadáns. En realidade, a Constitución europea é á vez un tratado suxeito ás regras do derecho internacional por que contén elementos de natureza constitucional.

Foi elaborada democraticamente por unha Convención Europea na que 72 dos 105 participantes foran elixidos por sufraxio universal directo.

POR QUE UNHA CONSTITUCIÓN EUROPEA?

A Constitución europea é unha etapa importante da *construcción* europea. Foi redactada coa fin de responder aos desafíos que presenta hoxe Europa.

QUE OFRECE A CONSTITUCIÓN?

O respeito da dignidade humana, a liberdade, a democracia, a igualdade, o estado de derecho e os derechos humanos. Unha sociedade caracterizada polo pluralismo, a ausencia de discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre homes e mulleres.

QUE ENCONTRAMOS NA CONSTITUCIÓN?


A Constitución europea ten catro partes:

1. Unha primeira na que se mencionan os valores, obxectivos, competencias, procedementos de toma de decisións e institucións da Unión Europea.
2. A "Carta dos Dereitos Fundamentais".
3. Describense as accións internas e externas.

4. Establécense as disposicións finais, nas que atopamos os procedementos de adopción e revisión.

OS SÍMBOLOS DA UNIÓN EUROPEA

A bandeira europea é ó símbolo da Unión Europea. O círculo de estrelas douradas representa a solidariedade e a harmonía entre os pobos de Europa. As estrelas son doce porque esta cifra é símbolo de perfección, plenitude e unidade.



O himno da Unión tomouse da Novena Sinfonía de Beethoven, no que musicalizou o himno da alegría.

O euro é a moeda única de Europa.

O día 9 de maio é o día de Europa e supón un achegamento a Europa.

"SI" ROTUNDO Á CONSTITUCIÓN EUROPEA

Para que en España este tratado se aprobase ou non, realizáronse (o vinte de febreiro) unhas votacións. O noso país foi o primeiro en votar.

Este foi o cuarto referendo que se celebrou en España. O vinte de febreiro houbo unha vitoria rotunda do si á

Constitución europea (un 76% fronte a un 17% de votos en contra) pero houbo a participación más baixa rexistrada ata agora neste tipo de consultas.

O Presidente do Goberno, José Luis Rodríguez Zapatero foi o principal impulsor da convocatoria do referendo, o primeiro que se celebra en Europa, sentiuse moi agradecido co resultado.

Zapatero resaltou que na consulta do vinte de febreiro "ninguén" perdera: *Ha ganado Europa, ha ganado la Constitución europea y ha ganado España. Todos saben que mi empeño ha sido llevar a España al corazón de Europa.*

O rexeitamento á Constitución europea foi máis alto no País Vasco (33% de sufraxios negativos), Navarra (29%) E Cataluña (28%). Ceuta e Melilla foron as más

abstencionistas, con máis dun 70%, seguidas por Canarias e Baleares, con máis do 66%. A comunidade con máis porcentaxe de votos afirmativos foi Estremadura (90,6%) que tamén gañou ao resto na porcentaxe de participación (49,44%).


PARTICIPACIÓN	ABSTENCIÓN
42,34%	57,66%

	Votos	Porcentaxe
SI	10.694.381	76,67%
NON	2.412.151	17,29%
En branco	842.560	6,04%
Nulos	115.170	0,86%

Catorce millóns de españoles acudiron ás urnas e once millóns deron o seu reapaldo á Constitución Europea.

A UNIÓN EUROPEA

Carolina Rodríguez Díaz e Marta Rey López de 4ºB de E.S.O.



O recente referendo sobre a proposta de Tratado sobre a Constitución fainos recordar unha vez máis a composición da UE que, partindo duns poucos países, foi ampliando o seu territorio ata chegar ao que é hoxe en día.

O futuro da Gran Familia

En 1957, Bélxica, Francia, Alemaña, Italia, Luxemburgo e Holanda formaron a CEE. En 1973 uníronse Dinamarca, Gran Bretaña e Irlanda; Grecia, en 1981 e, en 1986, España e Portugal. O 1 de maio do 2004 entraron dez novos socios. Bulgaria e Rumanía farán no 2007. Turquía goza xa do estatus de candidato, aínda que o seu caso é máis complexo. Outros países aspirantes son as Repúblicas Balcánicas.

O QUENTAMENTO GLOBAL


B. Isabel López, Carolina Rguez.,Isabel Serén e Lorena Vázquez de 4º B de E.S.O.

O pasado mes de novembro celebrouse en Santiago, coincidindo coa semana da ciencia, unha reunión de escolares que presentaron traballos sobre o quentamento global. Dita reunión foi promovida polo Centro Superior de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia, dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas. O presente traballo expón algunas das causas e efectos de dito quentamento e inclúe parte do traballo presentado polas alumnas de 4º B: Beatriz Isabel López, Carolina Rodríguez, Isabel Serén e Lorena Vázquez.

O quentamento global pode parecer improbable pero é un feito que se pode percibir dende Alaska ata os picos nevados dos Andes. O mundo estase a quentar, e faino rapidamente. A temperatura media mundial aumentou 0,6 °C no último século, pero os lugares más fríos e remotos estánse quentando moito máis.

¿Cales son as causas?

Por unha parte, o aumento de gases con efecto invernadoiro, é dicir, que actúan de forma semellante ao plástico dun invernadoiro, impedindo que a calor acumulada na superficie do planeta se disipe. Entre estos gases está o CO₂ procedente da combustión de carbón e petróleo. Este feito pódese comprobar se comparamos a evolución do CO₂ no tempo , apreciándose un aumento espectacular no século XX,




especialmente desde 1950. Tamén é interesante ver a procedencia dese CO₂.

Outras posibles causas do efecto invernadoiro son os cambios naturais de natureza astronómica como poden ser as variacións na inclinación do eixo de rotación terrestre e da forma da elipse que describe na súa órbita ao redor do Sol.

Algunhas das consecuencias do aumento de temperatura terrestre son as seguintes:

- ♦ Fusión do xeo dos glaciares. Pode observarse como, desde 1978, a superficie do xeo ártico diminuíu un 9% cada decenio.
- ♦ Aumento da temperatura media nalgúns lugares. En Alaska, nos últimos trinta anos a temperatura media aumentou entre un 1,25°C e 2,31°C. Isto trae como consecuencia a desaparición dos glaciares, fusión dos solos permanentemente

Procedencia do CO₂



conxelados (permafrost) co cal as construcións vense afectadas e aparecen os chamados "bosques borrachos" nos que as raíces das árbores perden estabilidade e estas dan a impresión de estar caendo.


- ◆ Redúcese a cantidade de auga doce dispoñible, diminuíndo o tamaño de lagos e encoros. Isto orixina maiores carencias de auga en zonas áridas.
- ◆ Alteracións nas poboacións animais e vexetais, apreciándose xa na actualidade a morte de corais en zonas onde a temperatura media oceánica ten aumentado.
- ◆ Altéranse as proporcións de machos e femias en moitas especies nas que o sexo está determinado pola temperatura; xa se pode apreciar un aumento de femias en determinadas especies de tartarugas.
- ◆ O ciclo vexetativo de moitas plantas vese alterado e con el a cantidade de alimento dispoñible para moitos herbívoros.
- ◆ Determinadas pragas, asociadas a climas tropicais, afectan a zonas temperadas.

◆ Algunhas especies en perigo de desaparición polo aumento de temperatura son o oso polar, a bolboreta monarca ou os pingüíns de Adelia.

◆ En España o nivel do mar podería subir case un metro neste século, co cal desaparecerían gran parte das praias do Cantábrico.

A comunidade internacional é consciente, dende hai tempo, do quentamento global debido ao efecto invernadoiro e para intentar paliar o problema estableceuse un acordo medioambiental, que obriga aos que o subsciran a cumprilo, chamado protocolo de Kioto, que ten como obxectivo rebaixar as emisións de efecto invernadoiro nun 5,2% a nivel mundial. Para que entrara en vigor era necesario que fora ratificado por un mínimo de 55 países que, á súa vez, reuniran o 55% das emisións de gases contaminantes. Isto sucedeu cando, a finais do pasado ano, Rusia deu o seu apoio ao convenio. O país máis contaminante do planeta, EEUU, non asume dito protocolo xa que, segundo

Os países más contaminantes do Mundo (segundo a ONU) aparecen representados neste gráfico:



eles, danaría seriamete a súa economía e consideraban inxusto que non se obligase a limitar as emisións a países en proceso de desenvolvemento como China ou India. Para os científicos os obxectivos do protocolo de Kioto son insuficientes para deter o cambio climático.

Os dous países que, en conxunto, resultan ser os maiores produtores de CO₂, EE.UU. e Australia, non subscreiben dito tratado. Por outra banda, Galicia emite un 0,17% dos gases de efecto invernadoiro.

En Galicia, as principais fontes de contaminación son as centrais térmicas de As Pontes e Meirama e a refinería de Repsol, situada na Coruña.


¿Que podemos facer nós para non agravar o problema?

Á vista da información anterior, está claro que o aforro no consumo enerxético é fundamental, así como

reducir ao máximo o uso do transporte privado.

Recorda:

- ◆ Non deixes as luces acendidas se non as necesitas
- ◆ Apaga totalmente os aparatos eléctricos cando non os uses. Os indicadores luminosos consumen enerxía.
- ◆ Utiliza lámpadas de baixo consumo. Aínda que no momento de adquirilas son más caras, ao longo do tempo compensa.
- ◆ É importante aillar ben as vivendas para reducir o uso da calefacción.
- ◆ Usar a calefacción de forma racional, non é necesario manter unha temperatura superior ós 22°C para sentirse confortable.



Bibliografía:

- *A voz de Galicia*, 16 de febreiro de 2005.
- *National Geographic*, "Cambio climático. Hacia el calentamiento global", setembro. 2004.

A CONDESA FRONILDE

Carlos Vázquez García

No tomo 19 da *Gran Enciclopedia Galega*, que editan os xornais *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*, constátase a confusión existente á hora de establecer a liñaxe desta dama, que diversos investigadores apuntan como a fundadora do mosteiro cisterciense de Ferreira de Pantón. Non obstante, o estudo dos diplomas da abadía de Ferreira de Pallares, no concello de Guntín, parece aportarnos datos fiables para aclarar a súa xenealogía. Fose de utilidade práctica e que nos permitise practicar máis o inglés.

O primeiro pergamo analizado corresponde cun documento do século XIII, aínda que descoñecemos a súa data exacta, no que se establece a descendencia do conde don Ero, fundador do mosteiro de Ferreira de Pallares. Nel lese textualmente: "et desta dona Maor Rodriguez nascio a condesa dona Froylle et de dona Froylle nascio dona Gyomar" (AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, carpeta 1096/ 21). Pero foi Salazar Acha quen no seu rigoroso estudo sobre os descendentes do conde Ero nos aclara de xeito bastante nido a filiación dos benfeiteiros do convento. En efecto, dinos que a condesa Fronilde era filla da tamén condesa dona Maior Rodríguez e de Fernando Núñez, e neta do conde Rodrigo Muñiz, morto na batalla de Sagradas en 1086, defendendo as hostes castelás de Afonso VI fronte aos almorábides. Este conde, xuntamente coa súa media irmá Elvira, foron os membros da familia fundadora que cederon o cenobio con todos os seus bens aos propios monxes, converténdose a partir deses intres nun mosteiro autónomo, segundo consta nos diplomas abaciais. Posteriormente, dona Fronilde casaría con Rodrigo Pérez Velloso de Traba, fillo do segundo matrimonio de Pedro Froilaz, o famoso conde de Traba, e foron pais de Guiomar Rodríguez, quen contraeu matrimonio con Fernando Ponce, o Maior, en primeiras nupcias, e con Diego Ximénez, Señor dos Cameros, en segundas (SALAZAR



A condesa dona Fronilde doouille a cuarta parte da igrexa de Entrambasaguas ao Mosteiro de Ferreira de Pallares en 1187.

ACHA, J. (de), (1989): Los descendientes del conde Ero Fernández, fundador del monasterio de Santa María de Ferreira de Pallares, en *Museo de Pontevedra*, t. XLIII).

Os seguintes e últimos datos que coñecemos sobre esta condesa achégannos dous diplomas correspondentes ao ano 1187. Nun deles, dona Fronilde concede ao mosteiro de Ferreira de Pallares a cuarta parte da igrexa de Santiago de Entrambasaguas, cos seus décimos e dereituras, para a salvación da súa alma e a dos seus ascendentes, que están soterrados nese lugar: "ego, ancilla Christi, commitissa domna Fronili [...] do atque concedo Sancti Saluatoris et Sancte Marie Uirginis monasterii Ferrarie [...] quartam integrum Sancti Iacobi Intranbas Aquas, pro remedio anime mee uel parentorum meorum qui in eoden loquo requiescant" (AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1082/ 15).

No outro, doa ao mesmo cenobio a herdade de Penela, situada tamén na citada parroquia de Entrambasaguas, no couto de San Fiz do Ermo, para remedio da súa alma e para que os monxes que alí moran non falten á observancia relixiosa: "ego, donna Froili, commitissa [...] do ibi et concedo ereditatem meam propiam quam uocant Penela [...] Et iacet ipsa ereditas sub aula Sancti Iacobi de Interambasaguas, in cautum Sancti Felicis [...] pro remedio anime mee, monachis qui ibidem in uita sancta perseuerauerint" (AHN, Clero, Lugo, Ferreira de Pallares, 1082/ 16).

BANDA MUNICIPAL DE GUNTÍN

Manuel Yáñez Lage

A banda de Guntín ten unha historia que está sempre ligada á vida escolar do noso colexio. Teñen actuado no noso centro e moitos alumnos son membros ben da Escola de Música ben da mesma Banda. O seu director relátanos brevemente cal é a breve pero intensa historia desta formación.

A banda comeza a súa andaina o 22 de novembro do 2001, despois dunha longa cala no panorama musical deste pobo coa disolución da antiga formación, que se remonta a uns cincuenta anos atrás.

Xorde pois co impulso do colexio e do concello, baixo a dirección de D. Manuel Yáñez Lage, músico viveirense e cunha formación de vinte e dous compoñentes.

O traballo comeza dende a escola de música, pois a formación non contaba con músicos veteranos e polo tanto non tiñan coñecementos musicais.

Despois dun longo esforzo por parte de todos, debutan nas festas de Vilameá, preámbulo da actuación tan deseñada por todos nas festas patronais do pobo de Guntín. Nesa festa, a primeira fin de semana de xullo, houbo procesión e pasarrúas e interpretouse *Piedad Señor e Guntín de Pallares*, ambas marchas compostas polo seu director para o día en cuestión.



A partir de aí vaise ampliando o abano de actuacións polos distintos lugares da xeografía galega e fóra das súas fronteiras, entre as que cabe destacar: o certame de corais e bandas na igrexa dos Pais Franciscanos na cidade de Lugo, onde tamén participou a coral de Guntín, o certame de

bandas de Milleirós, dúas colaboracións para a TVG no programa de *Galicia Enteira*, a procesión de Xoves Santo en Lugo coa confraría do Desencravo, as procesións de Zamora de Xoves e Venres Santo coas confrarías da Congregación do Santo Enterro, entre outras.



Tamén é importante destacar a primeira gravación da banda co disco *Bandas no Camiño*, que sairá proximamente.

O repertorio da banda abarca distintos xéneros musicais, desde a interpretación de pasodobles ata zarzuelas, bandas sonoras e un longo etcétera. Na actualidade conta cunha plantilla de trinta e cinco compoñentes repartidos entre as cordas de vento-metal, vento-madeira e percusión e un grupo numeroso de nenos e adultos que forman parte da Escola de Música, futuros membros da Banda Municipal.

Só nos queda recordar que a banda é unha familia aberta a toda persoa que lle interese participar e gozar da música connosco.

Música, voz harmoniosa no silencio das horas!

OS VERMES DE SEDA


M^a Carmen Núñez, Madalena Pacheco, Laura Rodríguez e Marta Varela de 1º E.S.O

Dende o curso pasado, e só con finalidade didáctica, cultivamos no colexio vermes de seda. Ímosvos explicar como é todo o proceso.

Os vermes de seda obtéñense a partir de ovos da bolboreta *Bombyx mori*. Deben criarse en lugares espaciosos, secos e ventilados e agradecen a temperatura arredor dos 20ºC sen grandes variacións.



A proximidade do seu nacemento, pola primavera, indícase cun cambio de cor na casca do ovo que pasa de gris escuro a claro.



Ao nacer, o verme ten tres milímetros de longo por un de gordo, e xa emite o primeiro fiño de seda para suspenderse e illarse da casca. Dende este momento xa empeza a comer... comer... e comer folla de moreira que será case exclusivamente o seu alimento e

non hai follas que cheguen.

A vida do verme transfórmase a través de varias **metamorfoses ou mudas**. Á semana de nacer fai a primeira muda: deixa de comer, quédase quieto coa cabeza levantada e a pel rasga lonxitudinalmente pola cabeza, por onde sairá a larva abandoando a pel anterior. Esta muda repítese unhas tres veces ata que o verme acada uns sete centímetros de lonxitude. No seu corpo cilíndrico distínguense ata doce aneis sen contar a cabeza.



Agora vai deixar de comer (xa pasaron seis semanas), quédase inmóbil e empeza a tecer un **casulo** envolvente formado por un só fío de seda que chega a medir uns mil metros.





Nesta nova etapa chamada **pupa ou crisálida**, o corpo do verme sofre os cambios más espectaculares, vai converterse nunha **bolboreta adulta** que rompendo o casulo sae ao exterior. A súa cor é amarela ou branca e pode ser macho ou femia.

A bolboreta femia emite feromona cun cheiro especial que é captado polo macho e vai fecundala. A bolboreta pon os ovos, de 300 a 400, dos que nacerán os vermes da seguinte xeración e volverá a comezar o proceso. A femia morre case sempre despois de poñer os ovos e o macho pouco máis tarde.



PARA OS NOSOS NENOS/AS NO DÍA DO LIBRO E NOS 400 ANOS DO QUIXOTE

Leo os libros, o tacto das mans, o silencio das pólas, o soño dos bebés e os ollos de todo o que grita, ri, chora ou garda compostura. Teño bo coidado de ler a letra pequena dos compromisos, a segunda intención dos discursos e o ton no que se fan as promesas.

Leo porque non sei doutro camiño para comunicarme cos mortos e cos seres imaxinados, para ser alumno de Sócrates ou amigo de Huckleberry. Leo para escouitar voces, poñer luz ás sombras e dar senso ao insomnio.

Leo por saciar a curiosidade, desfacer as dúbidas e atopar o apoio que alente a esperanza. Leo por engadir asombro ao asombro, por discutir, negar ou aceptar filosofías

que pretendan ordear o caos. Leo para agradecer un verso, compartir un recordo, entreter as esperas, aliviar o ánimo, combatir o tedio.

Leo para saber ata onde pode agatuñar o bo de Pedro pola mata de fabas, ou cal será o comportamento do pato cando teña complexo de cisne. Leo en liberdade e, se me perdo no bosque, é cousa miña.

Juan Farias

“Non esquezas rescatar un libro”

AS PLANTAS MEDICINAIS NO CONCELLO DE GUNTÍN

Isabel López Andrade, Marta Rey López,
Carolina Rodríguez Díaz, Isabel Serén Ansedes
e Lorena Vázquez González de 4º B de E.S.O.

Dentro das actividades que o noso centro está a realizar no presente curso en relación co proxecto Voz Natura, propuxémonos coñecer un pouco mellor a natureza e costumes do concello. Un dos aspectos que nos pareceu interesante era o uso tradicional das plantas medicinais.

Os alumnos recollerón unha relación de plantas usadas na zona, as cales aparecen citadas a continuación. As ilustracións foron realizadas por Carolina Rodríguez e Marta Rey.



Árnica

Nome castelán: árnica

Nome científico: *Arnica montana*

Usos: en uso externo, ten propiedades antiinflamatorias e antirreumáticas. En uso interno é moi tóxica.

Era empregada en Guntín, Vilamaior de Negral, Gomelle e Pradeda.

Chuchamel

Nome castelán: Ortiga muerta.

Nome científico: *Lamium maculatum*

Usos: Os brotes e as follas consúmense como ensalada e verdura. Tamén se extraía un pigmento amarelo ao que se lle atribúían poderes máxicos.



Carballo

Nome castelán: roble

Nome científico: *Quercus robur*

Usos: as infusións e cocíóns úsanse nos casos de enterocolite e hemorrxacias. Tamén se emprega en queimaduras, ecemas, estomatite, farinxite e almorráis.

Dentabrún, fento macho ou folgueira da raposa.

Nome castelán: helecho macho

Nome científico: *Dryopteris filix-mas*

Usos: actúa sobre os parásitos intestinais; é eficaz contra nematodes, trematodes e cestodos. Tamén é citado para curar mancaduras e catarros. Pódese preparar fervendo o rizoma con viño e mel.



Celidonia

Nome castelán: celidonia

Nome científico: *Chelidonium majus*

Usos: ten un látex cor laranxa que se serve para tratar verrugas, calos e durezas. Non debe usarse por vía interna xa que é tóxica e narcótica. É moi coñecida usada en toda Galicia.



Enxebre, escorodonia

Nome castelán: escorodonia

Nome científico: *Teucrium scorodonia*

Usos: axuda no tratamento da tuberculose, expectorante para a bronquite crónica, rinitis crónica.

Era usado no concello para tratar algunas enfermidades dos becerros.



Eucalipto

Nome castelán: eucalipto

Nome científico: *Eucalyptus globulus*

Usos: ten propiedades balsámicas e antisépticas. É moi eficaz nos catarros, bronquite, farinxite e sinusite. Tamén como antiséptico e cicatrizante das feridas.



Macela

Nome castelán: manzanilla romana

Nome científico: *Chamaemelum nobile*

Usos: as cabeciñas florais son usadas para favorecer o funcionamiento do aparello dixestivo. Tamén se pode usar externamente para tratar chagas,



Náboda

Nome castelán : Uvas de perro

Nome científico: *Tamus communis*

Usos: Emprégase a raíz, en uso tópico, contra contusións, derrames e como antirreumática.

Non debe consumirse xa que é moi venenosa.



Malva

Nome castelán: malva

Nome científico: *Malva sylvestris*

Usos: para combater a tos. Ronqueira. Úlceras bucais e hematomas. Era usada para tratar inflamacións no gando.



Nogueira

Nome castelán: nogal

Nome científico: *Juglans regia*

Usos: propiedades hipotensoras e hipoglucemiantes. Emprégase en uso externo contra a farinxite, estomatite, feridas e psoriase e para tinguir o pelo ou incluso a madeira.



Romeu

Nome castelán: romero

Nome científico: *Rosmarinus officinalis*

Usos: externamente, a súa esencia ten propiedades antisépticas e cicatrizantes. Tamén é estimulante do sistema nervioso central. As súas follas poden usarse como condimento de carnes e peixes.



Sabugueiro

Nome castelán: saúco

Nome científico: *Sambucus nigra*

Usos: a infusión das flores úsase en afeccións respiratorias (gripes, catarros...) e como laxante suave.



Violeta

Nome castelán: Violeta

Nome científico: *Viola odorata*

Usos: As flores son antitusivas. As raíces teñen propiedades expectorantes. É citada como cicatrizante das feridas.



Te de silveira, herba do te

Nome castelán: té de España

Nome científico: *Chenopodium ambrosioides*

Usos: contra os vermes parásitos, contra ascárides e anquilostomas.

Para finalizar, queremos darvos algúns consellos sobre o uso das plantas medicinais:

- Aínda que sexan recollidas no campo e non teñan fertilizantes nin pesticidas, algunas poden ser moi tóxicas e incluso mortais, polo tanto non as consumas se non estás totalmente seguro dos seus efectos.
- Nas farmacias e herboristerías poden aconsellarte, no caso de que decidas usalas para tratar algunha doenza.
- Sé respetuoso co medio natural. Se unha especie non é usada polo ser humano pode ser o medio de vida ou refuxio doutros seres vivos.

UNHA HISTORIA EXEMPLAR

Silvia Rodríguez Regueiro - 3º A (Ilustración)

Elzeard Bouffier viviu na primeira metade do século pasado nun remoto lugar dos Alpes franceses, árido, ventoso e despoboadío. Illado do resto do mundo adicou máis de trinta anos a sementar, día tras día cen landras que escollía meticulosamente. Aos carballos, seguiron bídalos e faias. A rexión fora, había moitos anos, un lugar fermo, con abundante auga e fragas ben asentadas, con todo, a actividade dos carboeiros, conseguiu transformar as terras fértiles en deserto. Calquera se humano tería fuxido dun lugar tan inhóspito pero Elzeard era perseverante, meticuloso e paciente e o seu esforzo tivo como resultado algo asombroso: as sementes que plantou medraron, as novas árbores crearon un ambiente húmido ao seu carón, que facilitou o desenvolvemento de plantas de menor porte, os animais atoparon o lugar idóneo onde agocharse e, pouco a pouco, o deserto deixou paso á vida. O clima da zona tamén mellorou. O vento deixou de secar á terra e formáronse regatos onde xa os houbera en tempos dos romanos. Este humilde pastor realizou unha tarefa digna de Deus.



Esta historia pode lerse na páxina web: <http://www.free-news.org/jgiono01.htm>.

O TSUNAMI DO SUDESTE ASIÁTICO

Yolanda Lamagrande, Tania López e Belén Varela de 3º B de E.S.O.


A finais do ano pasado o terrible tsunami ou maremoto do sur de Asia espertou en nós a lóxica preocupación polo drama humano que supuxo pero tamén moitos interrogantes sobre en que medida nos podería afectar en España unha circunstancia semellante.

O pasado 26 de decembro no sudeste asiático produciuse un maremoto ou tsunami. Nel morreron moitas persoas e, polo tanto, tamén moitos soños. Os que sobreviviron a semellante catástrofe cóntannos aterrados como pasou todo. Desde aquela, todos nos preguntamos se en España estaremos a salvo.

En España sufrimos 24 casos de tsunamis ao longo da historia; un deles de dimensións catastróficas que afectou a Huelva e a Cadiz. O primeiro sucedeu no ano 218 a. C. Anualmente padecemos entre 1200 e 1400 terremotos e de moitos deles nin nos decatamos. O Instituto Xeográfico Nacional elaborou un estudio de terremotos e a perigosidade de tsunamis en España. Na súa investigación sinalaron no sur do noso país o maior risco de sufrir un tsunami. Estudaron as cinco fallas de máis perigosidade situadas no mar de Albarán e no estreito de Xibraltar.

Podemos dicir que no Mediterráneo, cada 250 anos é esperable un terremoto que poida xerar un tsunami relevante. Tamén é activa a zona entre Xibraltar e as Azores, como se mostrou na onda que destruíu parte de Lisboa en 1755 e afectou ata as costas de Cadiz e Huelva.

MAPA DE RISCOS SÍSMICOS EN EUROPA



EXISTE RELACIÓN ENTRE A ORIENTACIÓN XEOGRÁFICA E A DISTRIBUCIÓN DE EPÍFITAS QUE MEDRAN NOS TRONCOS DAS ÁRBORES?

Ainara Méndez González, alumna de 4ºB (curso 2004-05)

Traballo premiado no concurso Luís Freire de Investigación Científica para Escolares.

INTRODUCCIÓN

Os troncos das árbores constitúen pequenos ecosistemas onde a humidade e a iluminación determinan o desenvolvemento de comunidades vexetais, fundamentalmente líques e musgos, aparecendo tamén especies de plantas vasculares como poden ser as hedras. Dada a disposición vertical do tronco, a intensidade luminosa que reciben pode estar influída pola disposición respecto ao norte xeográfico. No presente traballo intentamos averiguar se esta influencia era perceptible.

OS LIQUES

Os líques son organismos que non presentan verdadeiros tecidos, é dicir, non teñen raíz, talos nin follas. Baixo a apariencia de un só individuo atópanse dous de natureza moi distinta, UNHA ALGA E UN FUNGO e a súa asociación é tan forte que se comportan como se fosen un único organismo, sendo capaces de sobrevivir sobre trocos de árbores, paredes rochosas e incluso desertos.

Podemos concluír que os líques viven en lugares onde non sobreviviría unha alga ou un fungo de maneira aillada, son pois unha forma moi eficaz de simbiose.

AS FORMAS DOS LÍQUES.

Segundo o aspecto e a forma de fixarse ao substrato podemos distinguir os seguintes tipos:

a) Incrustantes: Forman manchas difíciles de separar do substrato xa que están intimamente adheridos nel. Estes líques son os que presentan maior lonxevidade.

b) Foliaceos: Poden separarse do substrato con relativa facilidade. Teñen aspecto de láminas, cintas ou follas estendidas.



Fig1: Pertusaria



Fig 2: Parmelia

c) **Escuamulosos:** Son formas intermedias entre as dúas anteriores. Forman escamas más ou menos fixadas ao substrato.

d) **Fruticulosos:** Teñen aspecto de pequenos arbustos ou de barbas. Están formados por ramos ou filamentos. Teñen gran capacidade de crecemento.



Fig 3: Evernia



Fig 4: Cladonia



Fig 5: Lepraria

e) **Compostos:** Teñen unha parte incrustante, e outra fruticulosa.

f) **Leprarioïdes:** Teñen aspecto fariñento.

UTILIDADES DOS LIQUES.

Son sensibles á contaminación atmosférica que provoca unha diminución do número e cobertura das especies. No centro de cidades moi contaminadas non están presentes (deserto liquénico). Son especialmente sensibles á chuvia ácida e poden acumular grandes cantidades de substancias tóxicas procedentes de procesos industriais. Cando a súa concentración acada determinados niveis o lique morre.

Os liques teñen outros usos de interese para o ecosistema e o ser humano. Especies do xénero *Cladonia* constitúen o alimento invernal de animais coma os renos en zonas do norte de Europa. Liques do xénero *Umbilicaria* foron usados polos primeiros exploradores do Ártico para reducir os casos de escorbuto. *Aspicilia esculenta*, un lique vagante das áreas áridas e semiáridas é considerado o maná do deserto. Este maná alimentou aos hebreos no deserto e ainda hoxe se usa para fabricar pan.

Foron usados como fonte de colorantes naturais e utilizanse na fabricación de perfumes.

MUSGOS

Son vexetais terrestres de pequeno tamaño que viven habitualmente en lugares húmidos. Non posúen vasos condutores nin raíces. Desenvólvense sobre rochas, paredes, tellados e sobre a codia das árbores; algúns incluso se atopan no medio acuático ou en lugares secos e soleados, tendo a capacidade de secarse e rehidratarse cando chove, recuperando a súa actividade biolóxica. Necesitan, polo tanto, luz e humidade para realizar a fotosíntese.

MÉTODO DE TRABALLO

Nun principio eliximos ao chou 6 árbores situadas en 2 carballeiras nas proximidades de Lugo. En cada unha delas tomamos áreas de 20 x 20 cm, situadas a 1,60 m de altura e en dirección norte, sur, leste e oeste. Sobre esa superficie determinamos, mediante cuadrícula, a porcentaxe ocupada polas distintas especies.

Ao recoller as mostras anteriores fixámonos en que na base da árbore o aspecto era distinto, polo que tamén seleccionamos áreas de 20 x 20 cm pero a unha altura de 40 cm sobre o chan.

RESULTADOS

a) Especies atopadas

1.-Fanerógamas. As hedras están presentes en tres troncos e en distintas posiciones

2.-Briofitos (musgos). Especies do xénero *Orthotrichum* están en todos os troncos aínda que non en todas as direccións.

3.-Liques. Especies dos xéneros *Cladonia*, *Parmelia*, *Evernia*, *Lepraria* e *Pertusaria*.

Os más amplamente distribuídos son *Lepraria* e *Pertusaria*. *Evernia* está presente nun só tronco e *Cladonia* noutro. O xénero *Parmelia* aparece ben representado nun tronco e en pequena proporción ou ausente nos demás.

b) Distribución das especies en función da orientación xeográfica

Situándonos a unha altura de 160 cm con respecto ao chan observamos que non seguen un patrón determinado.

Son más abundantes ao sur e menos ao norte e a diferencia entre os dous extremos é de 11,1%

A orde de abundancia é: SUR (30,6%) - LESTE, OESTE (20,7%) NORTE (19,5%).

A unha **altura de 40 cm**, a maior presenza de musgos atópase ao **leste** cunha media do 46% e a menor, de novo ao **norte**, cunha media do 27,4%, cunha diferenza do 18,6% entre ambas.

A orde de abundancia é: LESTE (46%) - SUR (40%) - OESTE (37,2%) - NORTE (24,7%).

A superficie ocupada oscila entre o 48,4% e o 53 %, cunha diferenza de só o 5% entre o sur e o oeste.

A orde de abundancia é: SUR (53%) NORTE (51,2%) LESTE (49,75%) OESTE (48,4%).

A superficie total ocupada pola vexetación é maior ó oeste e menor ó norte, cunha variación do 17% .

A orde de abundancia é: OESTE (70%) LESTE (69,4%) SUR (54,4%) NORTE (53,3%).

Parece pois que o norte é a orientación xeográfica menos favorable para o desenvolvemento da vexetación epífita e que a altura no tronco determina a porcentaxe de superficie ocupada.




Fig 6: Na base do tronco apréciase a abundancia dos musgos

CONCLUSÓNS

- 1.- As epífitas más abundantes que atopamos foron líquenes incrustantes dos xéneros *Pertusaria* e *Lepraria* e tamén musgos do xénero *Orthotrichum*.
- 2.- A cara da árbore orientada ao norte parece ter unha menor proporción de vexetación sobre ela.
- 3.- Nas zonas do tronco máis preto da base a cantidade de epífitas é maior que en zonas más altas, posiblemente debido a unha maior humidade que se acumula como consecuencia da escorrentía da auga de chuvia polo tronco (Fig6).
- 4.- A distribución por xéneros, no que respecta aos líquenes, non parece estar influenciada pola orientación xeográfica senón pola situación da árbore na fraga e pola forma do tronco.
- 5.- A presencia de parmelia en pequena proporción pode indicar un certo grao de contaminación debido á proximidade da cidade (uns 3 km).


BIBLIOGRAFÍA

- THERÓN, A. e VALLÍN, J.: Ecoloxía. Ed. Montaner y Simón. Barcelona.
- Guía de plantas sin flor. Ed. Océano.
- PÉREZ VALCÁRCEL, C.; LÓPEZ PRADO, M.C.; LÓPEZ DE SILANES, M.E.: Guía dos líquenes de Galicia. Baía Edicións.



Nesta foto podemos ver a Ainara cos seus compañeros de clase despois de recibir o premio o 26 de maio de 2004.


Pallares




¿Un chiste verde rápido? Un guisante nunha moto.
(Adrián Valín-4ºB)




¿Como se di embarazada en chinés? -Tainchá.
(Lorena Vázquez-4ºB)




¿Cal é o animal máis vello?
A vaca porque é en branco e negro.
(Borja Castro-4ºB)



¿Cal é o colmo dun electricista?
Entrar por enchufe.
(Martín Fernández-4ºB)



¿Sabes que hai que facer para que se ría un home o domingo?
Contarlle un chiste o venres.
(Marta Rey-4ºB)



Revista Subvencionada:



Concello Guntín



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística